



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Filosofía

Curso Académico: 2018/2019

Índice

1. **Introdución**.....
2. **Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade**.....
3. **Plan de Melloras do Centro**
4. **Anexo: Informes de seguimento**.....

1. **Introdución**

Esta Memoria de Calidade do curso **2018-19** elabórase en cumprimento do compromiso da Facultade de Filosofía co desenvolvemento do Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC).

No curso **2018-19** os títulos adscritos a este Centro (Facultade de Filosofía da USC), ámbito de aplicación do SGIC, son: (a) Grao de Filosofía e (b) Máster en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía.

A) Grao de Filosofía.

Verbo do Grao de Filosofía, o máis salientable do SGIC foi:

(a) a execución do Plan de Viabilidade, aplicado o 2015-16 e arquivado no curso 2017-18 por terse acadado o incremento de matrícula que perseguía, superando con solvencia os 55 alumnos do curso 2016-17 (tal e como se detalla no Autoinforme de seguimento do Grao de Filosofía **2018-19**) e en evolución á alza nos cursos 2017-18 e **2018-19** contando con 70 alumnos.

(b) o proceso de Avaliación para a Renovación da Acreditación (polo período 2009-16) que se executou favorablemente no curso 2016-17.

(c) o proceso de Avaliación para a Renovación da Acreditación da Titulación do Centro: Máster en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía, que se executou favorablemente no curso 2019/20.

(d) a execución do Plan de Melloras 2017-18 así como as Accións de Mellora propostas do curso **2018-19** que se recollen nesta Memoria de Calidade (adxuntas) en continuidade das melloras xa implantadas e incorporadas ao funcionamento habitual do Centro así como para introducir novos elementos de mellora. Todas estas Accións están baseadas: (i) no marco do Plan de Viabilidade; (ii) nas recomendacións do Informes de Avaliación de Acreditación do Grao e do Máster; (iii) nas suxestións feitas polos diversos grupos de interese do Centro (PDI, PAS, estudantado e egresados/as).

B) Máster en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía.

Polo que respecta ao "Máster en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía", cómpre lembrar que se impartiu por primeira vez no curso 2016-17, que foi obxecto de Autoinforme de seguimento 2017-18 e **2018-19** e que no curso 2019-20 recibiu o Informe favorable de Renovación da Acreditación, o que supón -ademais dun explícito recoñecemento do esforzo e compromiso do PDI e PAS coa Titulación e da proxección das Accións de Mellora executadas durante estes cursos- é un elemento de gran importancia estratéxica para o Centro que pode seguir ofertando a formación completa para o seu estudantado: grao, Posgrao e doutoramento. Sen dúbida algunha, esta valoración "Favorable" supón unha clara manifestación da axeitada aplicación e desenvolvemento do SGIC no Centro.

2. **Seguemento do Sistema de Garantía Interna de Calidade**

O SGIC é unha ferramenta para propiciar a mellora continua das titulacións adscritas á Facultade de Filosofía, perseguindo a consecución de niveis de calidade que permitan a Renovación periódica da súa Acreditación, conforme ao disposto no RD 1393/2007 e no RD 861/2010. O SGIC resulta da adaptación ao noso Centro do SGIC marco da USC, o cal é deseñado a súa vez conforme ao modelo das Axencias de Calidade, tanto nacional como autonómica (ANECA e ACSUG).

Tomando como marco de seguimento o "mapa de procesos" do "Sistema de Garantía Interno de Calidade" (SGIC), así como os Informes de seguimento das Titulacións de Grao e Máster, pasamos a salientar aqueles aspectos que consideramos especialmente significativos polas melloras que xeraron no curso **2018-19**.

(A) Planificación das Ensinanzas.

1- "Planificación das ensinanzas":

O *plan de estudos* desenvolveuse con total normalidade seguindo a oferta de materias prevista na MVT. A oferta de materias tanto do Grao de Filosofía como de Máster correspondeuse tamén no 2018-19 de xeito estrito co establecido na Memoria de Verificación do Título (MVT). No curso **2018-19**, malia ter recibido algunha solicitude de modificación, a Xunta de Facultade considerou desestimada considerando que primeiro se debían esgotar todas as posibilidades de acción que permite o POD antes de acudir á modificación de PDA, dando unha clara mostra de que os mecanismos de coordinación do Centro e da Normativa da USC contribúen a un axeitado desenvolvemento das Titulacións. Con todo, e de xeito moi positivo, salientamos unha acción de "actualización" do Título de Grao, que ampliou **no curso 2018-19** a súa oferta de materias, xa que logrou implementar no Plan de estudos e desenvolver a Convocatoria de "prácticas académicas externas" como posibilidade que xa estaba recollida na Memoria do Título. Trátase dun módulo de prácticas académicas externas (PAE) de 6 créditos na que o Centro ven traballando con continuidade (AM4 do Plan de Melloras Grao 2017-18 e **AM-03 do Plan de Melloras do Grao 2018-19**): no curso 2018-19 culminamos este proceso de implantación das Prácticas Académicas Externas na "Planificación das Ensinanzas", precisamente como unha acción que foi o resultado da evolución da "recomendación" feita pola ACSUG con ocasión da renovación da acreditación do título de Grao de "realizar un seguimento sistemático dos egresados" coa finalidade de mellorar o coñecemento efectivo das saídas profesionais da titulación e ver a súa dimensión no Plan de Estudos da Titulación. Naquel momento formouse (AM2 do Plan de Melloras do Grao 2017-18) un "grupo de discusión con egresados como fonte de información sobre as demandas dos ámbitos de inserción profesional dos especialistas en filosofía", que foran consultados en relación á posible apertura de "potenciais espazos profesionais para os egresados de Filosofía" (AM-04 Plan de Melloras do Grao 2016-17). Seguindo esta información promovemos uns primeiros contactos con distintas Institucións culturais galegas nas que coidamos que os titulados/as en Filosofía poderían ter presenza. Aqueles primeiros contactos foron consolidados no curso 2017-18 concretándose (conforme a AM4 do Plan de Melloras do Grao 2017-18) na "articulación de convenios" que permitisen formalizar unha oferta de Prácticas externas para o alumnado", convencidos de que a realización de prácticas incrementa o valor das titulacións e facilita certa experiencia laboral aos nosos egresados/as. Foi así que cumprimos co desenvolvemento desta posibilidade que estaba contemplada na Memoria para a Verificación do Título (MVT). No **curso 2018-19** motivados pola **AM-03 (Plan de Melloras do Grao 2018-19)** conseguimos concretar aqueles Convenios nunha proposta de "Convocatoria de prácticas", que dispón e regula a implementación desas Prácticas Externas no Plan de Estudos do Grao de Filosofía. Deste xeito, o estudantado dos últimos cursos (terceiro ou cuarto curso) ten xa a opción de realizar as prácticas durante o curso 2018-19. En relación á boa acollida desta Convocatoria de Prácticas Académicas Externas durante o curso 2019-20 estamos a realizar esforzos de recuperación das mesmas para próximos cursos trala súa interrupción (cumprindo coa Instrución da USC) pola pandemia do COVID, dado que a experiencia de realización das Prácticas Académicas Externas tivo unha "taxa de éxito" do 100% (**INF 17**) e unha alta valoración por parte do alumnado participante das mesmas dun 4,11 sobre 5 puntos (**INF.06 2018-2019** e **IN19G**), de 4,83 puntos por parte dos/as titores/as externos (**INF.07 2018-2019** e **IN20G**) e de 4,88 puntos por parte dos/das titores/as académicos/as (**INF.08 2018-2019** e **IN21G**).

En canto o *desenvolvemento e planificación das actividades académicas* non se observaron, durante o curso **2018-19**, incidencias negativas significativas, xa que se desenvolveron conforme o establecido na Memoria de Verificación e máis concretamente cumprindo o especificado nas correspondentes Guías Docentes das materias do Título. Os resultados e desenvolvemento docente das distintas materias foron obxecto de análise nas reunións de Coordinación de Curso (conforme ao Protocolo de Coordinación do Centro) que tomaron como referencias as estatísticas dos resultados de avaliación así como as achegas que o alumnado fixo a través do seus representantes, consignados no Informe positivo realizado polo Coordinador do Título.

Conforme ao **PC-02 Planificación das materias**, constatamos o gran esforzo realizado polo Centro para

homoxeneizar as Guías Docentes de todas as materias das nosas Titulacións. A pesar de non estar establecido como obriga na USC, o noso Centro tomou a iniciativa de facer unha Guía Docente específica para cada materia -tanto de Grao como de Máster- e poñela á disposición de todo o alumnado con acceso directo a ela a través da páxina web da Facultade. Esta iniciativa, non só mellorou a "información pública" dos nosos estudos (como sinalaremos no último apartado desta Memoria), senón que tamén implicou a introdución no Centro dun estándar de mellora na programación de cada materia e especificamente de aspectos como a formulación de competencias e a precisión de criterios e porcentaxes de avaliación, tanto desas competencias como dos contidos do programa. Tamén se incluíron sistemas de avaliación específicos para o sector do alumnado que ten concedida, por razóns xustificadas, a "exención de asistencia". Esta Acción da mellora das Guías Docentes non só constitúe un elemento de información e transparencia de proveito para o noso estudiantado senón que se trata tamén dun reforzo da coordinación horizontal no Centro. Segundo o **PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas** constatamos que o Centro ten traballado na mellora e homoxeneización dos Programas e das Guías Docentes de todas e cada unha das materias das nosas dúas Titulacións (Grao e Máster) e, en consecuencia, consideramos especialmente relevante o esforzo do Centro neste compromiso coa Coordinación no que implica de mellora e uniformidade de Información para o noso alumnado presente e potencial.

En conclusión, á vista dos Autoinformes 2018-19 consideramos que os Plans de estudos, tanto de Grao como de Máster, se desenvolveron con total normalidade seguindo a oferta de materias prevista na MVT, cumprindo sempre coa *ratio* de opatividade necesaria. En canto ao desenvolvemento das actividades académicas e de metodoloxías docentes empregadas, así como sistemas de avaliación, non se observaron, durante o curso **2018-19**, incidencias negativas significativas, xa que se desenvolveron conforme ao establecido na Memoria de Verificación (MVT) e, máis concretamente, cumprindo o especificado nas correspondentes Guías Docentes das materias das Titulacións. Consideramos que este cumprimento dos parámetros comprometidos das materias a través das Guías Docentes contribúen directamente na xeral "Satisfacción do alumnado coa docencia recibida" (**IN46G**) que neste curso **2018-19** para o Grao é de 3,73 (1-5), e que resulta un dato que estimamos positivo na medida en que vai crescendo constantemente dende o curso 2012-13 no que o indicador se situaba en 3,47 (1-5) e no caso de Máster é de 4,53 (**IN46M**) tamén crescendo dende o 3,58 do ano anterior. Tamén entendemos que este correcto desenvolvemento das actividades académicas tradúcese na positiva "taxa de éxito" (**IN35G**) que neste curso **2018-19** é de 87,99% crescendo dende o 84,39 do curso 2017-18 e manténdose por enriba da media interanual do 85% do último sexenio e lixeiramente por encima da media da USC e da gran Área de Humanidades, chegando no Máster ao 99,5% (**IN35M**).

2.- "Actividade de Coordinación" (PC-02):

Consideramos que as Titulacións do Centro contan con *mecanismos de coordinación* suficientes que nos permiten facer un seguimento do correcto desenvolvemento dos seus Planos de estudos e da adquisición das competencias por parte do seu alumnado. No curso **2018-19** o Centro segue a manifestar o seu compromiso con este concepto de coordinación e mantén vivas todas as iniciativas de Coordinación adoptadas en anos anteriores. Existe unha Coordinación, tanto vertical como horizontal, no seguimento dos Planos de estudos, que vai dende os profesores coordinadores de materia (no caso daquelas materias que son impartidas por máis dun único docente), pasando polos catro profesores/as coordinadores de cada un dos catro cursos do plan de estudos (no caso do Grao) ata o Coordinador de Grao e de Máster respectivamente e o Vicedecano como responsable da Calidade no Centro. Todos eles traballan en equipo na procura de localizar aspectos disfuncionais ou espazos de mellora para os seus títulos, dentro do que chamamos o "Plan de reforzo de coordinación" do Centro.

Este "programa de reforzo da coordinación" fora promovido no curso 2016-17 (AM4) no que se procedeu aos nomeamentos sinalados no parágrafo anterior e a buscar unha aplicación periódica do mesmo no Centro. Exemplo do mesmo é que se estableceu a medida de realizar a cabo distintas reunións ao longo do ano de cada coordinador de curso, tanto co profesorado como co alumnado dese respectivo curso, para analizar as estatísticas da avaliación das materias así como os elementos máis relevantes e analizar os aspectos disfuncionais detectados: unha medida específica que se ven levando a cabo con ocasión destas reunións, e atendendo á solicitude do alumnado, é a elaboración dun calendario de actividades para cada semestre de cada curso académico no que se reúnen as datas das diferentes tarefas das diversas materias do curso de tal xeito que se pode facer unha distribución equilibrada do traballo do alumnado, propoñendo alternativas cando se detectan varias coincidencias na mesma data. Estas reunións, a iniciativa do Coordinador de Grao e a suxestión de varios docentes, son actualmente (**curso 2018-19**) levadas a cabo de xeito virtual

co propósito de, sen perder eficacia, colaborar na optimización da xestión do tempo dos nosos limitados Recursos humanos. (Este mesmo protocolo se aplicou tamén no Máster, coas debidas adaptacións que implica o beneficio de contar con profesorado de diversas áreas e Centros externos ao noso). Os informes destas reunións son expostos nas aulas de coordinación do Campus virtual. Polo demais, os informes das diversas reunións, ademais de figurar no campus virtual, son (conforme ao **PC5 Análise de resultados e mellora do programa**) remitidos ao Coordinador de Grao e de Máster respectivamente, quen a partir dos informes dos catro cursos emite un informe final, que, reparando naqueles aspectos máis salientables, pode elevarse á valoración por parte da Comisión de Calidade do Centro. Debemos indicar que este protocolo de Coordinación, especialmente no que toca ao traballo dos Coordinadores de Curso, resultou ser moi eficaz na xestión das actividades no presenciais no curso 2019-20 motivadas polo COVID, refacendo un novo calendario de tarefas adaptado as novas datas e solucionando as coincidencias, así como tamén o traballo dos órganos de dirección de Departamento e da Facultade na rápida e uniforme adaptación dos Programas de cada materia, no relativo á metodoloxía e á avaliación das mesmas.

Outra boa iniciativa do "Plan de Coordinación" é a cooperación entre docentes de diversas materias. Durante o curso 2017-18 realizouse con éxito un exercicio de cooperación entre profesorado de tres materias de primeiro curso que traballaron de xeito coordinado algúns contidos, competencias e avaliación do programa, neste caso a través dunha experiencia transversal de "cine-forum". O Centro tiña moi presente o valor positivo deste caso e insistiu (seguindo a "Recomendación do Informe de Acreditación") en promover máis experiencias neste sentido que se están tamén a desenvolver no noso título de Máster e que cada curso conseguen ampliarse, tal e como se pon de manifesto na **AM1 do Plan de Melloras do Máster 2018-19** ampliada pola AM1 do Plan de Melloras do Máster 2019-20 e que foron moi ben recibidas no "Informe provisional de Renovación de Acreditación da titulación".

Tamén insistimos en reforzar a Coordinación académica con outras áreas de coñecemento afíns, especialmente no caso do Máster (que conta con máis de cinco áreas externas ao Centro), para reforzar a proxección da Filosofía como unha especialidade transversal e complementaria. No caso do Máster estas áreas son directamente incluídas no encargo docente (no curso 2019-20 incorporouse ás xa existentes a área de Comunicación Audiovisual) e no caso do Grao a cooperación baséase máis ben en fórmulas extracurriculares como por exemplo é a programación do "ciclo de cine" (AM7 Plan de Melloras de Grao de Filosofía 2017-18 e recuperada pola AM1 2019-20).

Cómpre lembrar que para o Centro, o correcto desenvolvemento do "Protocolo de Coordinación" resulta ser un asunto relevante e en consecuencia querémolo estender a todas as nosas titulacións e nesta liña activamos a AM8 PM Máster 2019/20 pola que se pretende unha adaptación do mesmo ás especificidades da titulación de Máster, na que a Acción tutorial debe de ser diferente á efectuada no alumnado de Grao recentemente incorporados á vida universitaria.

Outro eixo de actuación na Coordinación foi o relativo aos TFG. Así, seguindo a AM6 (Plan de Melloras de Grao de Filosofía 2017-18) que procuraba estender a capacidade de coordinación ao proceso de elaboración e defensa do TFG, executamos a **AM-05 do Plan de Melloras do Grao 2018-19** que procurou axustar o calendario e cronograma dos TFG e (pola a AM4 do Plan de Melloras de Grao 2019-20) someter a debate -a proposta do noso estudantado trasladada polas enquisas de satisfacción co TFG deseñadas polo Centro- aplicar unha maior ponderación do informe do titor/a na avaliación, de xeito que logremos axustarnos máis a duración dos estudos de Grao estipulada na MVT en catro anos, e que actualmente no Grao (**IN38CG**) está en 5,18 anos (mellorando verbo dos 5,61 marcados no 2017-18). Establécese tamén una AM 2019-20 idéntica para o TFM co mesmo propósito de corrixir a ínfima desviación na duración de estudos (**IN38CM**) que se sitúa en 1,29 anos.

Por último, queremos sinalar que outro dos eixos claves para o Centro deste Protocolo de coordinación é a acción tutorial (que trataremos máis adiante). Seguindo a suxestión do Coordinador de Grao esta acción tutorial foi obxecto de reforzo na AM5 do Plan de melloras 2019-20 pola que se amplía información no acto de presentación de curso e se notifica por correo electrónico a cada alumno/a o nome do seu titor/a, comunícaselle as súas funcións e cítase para unha entrevista no primeiro semestre do curso.

En definitiva, o Centro ven durante todos estes cursos aplicando e mellorando progresivamente o seu "protocolo de coordinación" dado que a constatación do progresivo aumento de "taxa de matrícula" (**IN03C**) que é de 84 (Grao 71 e Máster 13) e da "taxa de éxito" (**IN35CG**) que é de 87,99% no Grao e de 99,5% no Máster (de 87,78% na USC) indica que os mecanismos de coordinación están a funcionar razoablemente ben, e a súa vez permítenos detectar espazos de mellora permanentes como é tratar de reducir o elevado número de "non presentados" que manifesta a mellorable "taxa de rendemento" (**IN34CG**) do Grao (67,76%) sendo mellor no Máster 79,62% (**IN34CM**). Con todo, entendemos que o esforzo do Centro e o compromiso do seu PDI na participación das Accións de Coordinación non só reportan un constatado aumento de Matrícula, senón tamén unha positiva valoración por parte do noso alumnado: a satisfacción do alumnado coa titulación (**IN46G**) é de 3,73 puntos (chegando a 4,11 no caso das Prácticas Académicas Externas) e 4,56 no Máster (**IN46M**).

Por último, o Centro tampouco desatendeu esta fórmula de coordinación aplicada noutros sectores "externos". Así, na **AM2 Plan de Melloras do Grao de Filosofía 2017-18**), motivou grupos de discusión cos "egresados", que permitisen obter maior información sobre os nosos ámbitos de inserción profesional e maior visibilidade social da nosa Titulación. Continuando esta liña de traballo, cabe salienta o traballo de coordinación que a dirección do Centro levou a cabo con diversas Institucións sociais, políticas e culturais, que culminou neste curso 2018-19 coa sinatura dos correspondentes "Convenios de prácticas" e a súa implementación no Plan de estudos.

En conclusión, en virtude do sinalado, consideramos que as nosas Titulacións contan con mecanismos de coordinación, sempre mellorables, pero que nos permiten facer un axeitado seguimento do correcto desenvolvemento dos Plans de estudos e da adquisición das competencias, tanto xerais como específicas, por parte do noso alumnado. Á vista do sinalado e do manifestado nos Autoinformes de seguimento, constatamos que os mecanismos de coordinación, sen prexuízo de mellora, funcionan axeitadamente, tal e como se manifesta, cando menos, co "reforzamento de coordinación de cursos" (AM.03 2017-18) orientado, como xa explicamos, a detectar e corrixir deficiencias mediante reunións periódicas entre coordinadores, docentes e representantes do alumnado de cada curso, velando por que os distintos "grupos de interese" participen activamente na mellora e desenvolvemento das nosas Titulacións. No **curso 2018-19** puidemos comprobar que se seguen a cumprir tanto os obxectivos manifestados na Memoria de Verificación do Título (MVT) como as competencias establecidas de acordo co Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES). Neste eido, constatamos que o Centro desenvolve unha serie de costumes xa implantados encamiñados a reforzar a adquisición de competencias e cumprimento de obxectivos por parte do noso alumnado:

(i) O Centro pon especial énfase na participación do alumnado nas sesións interactivas, nas que teñen que expoñer traballos ou comentar textos seleccionados, o que favorece a adquisición das competencias tanto xerais como específicas.

(ii) O progresivo incremento do uso do Campus Virtual por parte do profesorado está resultando ser un apoio importante para reforzar o traballo persoal do alumnado; por exemplo, mediante a creación de foros de discusión e realización de exercicios en grupo que se está dando nalgunhas materias.

(iii) as reunións de coordinación, nas que os distintos coordinadores/as reúnen tanto cos representantes do alumnado como cos docentes de cada curso, contribuíu notablemente a mellorar o rendemento do alumnado e a eficacia dos/as docentes.

En definitiva, entendemos que este correcto desenvolvemento das actividades de coordinación redundan na mellora da "satisfacción do alumnado coa docencia recibida" (**IN46G**) que **neste curso 2018-19** é de 3,73 (1-5), e que resulta un dato que estimamos positivo na medida en que vai crescendo constantemente dende o curso 2012-13 no que o indicador se situaba en 3,47 (1-5) e na evolución tamén á alza da positiva "taxa de éxito" (**IN35G**) que **neste curso 2018-19** é de 87,99% crescendo dende o 84,39 do curso 2017-18 e manténdose por enriba da media interanual do 85% do último sexenio e lixeiramente superior á media da USC e da gran Área de Humanidades. En liña con estes factores positivos, cómpre tamén reivindicar o esforzo posto polo Centro no desenvolvemento do Plan Académico que evidencia a "taxa de eficiencia en termos de rendemento dos egresados" (**IN53G**) situada no 80,22%.

GRAO. Taxa de éxito (**IN35CG**):

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
1º curso	80,09	77,71	74,34	79,35	77,87	84,05
2º curso	82,05	92,08	86,82	86,53	88,80	89,40
3º curso	90,15	89,11	91,20	93,63	87,64	91,44
4º curso	95,85	96,10	92,31	93,59	91,88	89,89
Sen asignación a curso	100,00	100,00	100,00	92,41	100,00	100,00
Total (%)	85,81	87,99	84,60	86,62	84,39	87,99
Media Área de Artes e Humanidades	84,38	83,80	84,82	86,34	86,03	87,29
Media USC	86,04	85,70	86,20	87,35	87,21	87,78

MÁSTER. Taxa de éxito (**IN35CM**):

	2016-17	2017-18	2018-19
Máster Universitario en Filosofía: Coñecemento e Cidadanía	100,00	100,00	99,53

(B) Docencia.

No relativo aos elementos máis directamente relacionados coa docencia (especialmente co criterio 1 de organización e desenvolvemento), debemos salientar cando menos tres liñas de traballo que consideramos importantes:

- 1.- O Capítulo de *Matrícula e captación de alumnado*, como indicador da proxección do título, do seu interese e desenvolvemento.
- 2.- O Capítulo de *titoría e orientación do alumnado*, como manifestación do esforzo do Centro pola comunicación co seu estudantado e primeira fórmula de detección e resolución de problemas e melloras, integrado no “Plan de Coordinación e Acción tutorial” polo que o Centro busca garantir os seus índices de Calidade e mellora.
- 3.- O Capítulo de *mobilidade e profesionalización*, como índices da transversalidade e inserción social das nosas titulacións.

1. **Matrícula e captación de alumnado.**

Conforme ao **PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación**, cómpre indicar que temos desenvolvido unha serie de accións que axudaron a mellorar a proxección social das nosas Titulacións que, sen dúbida, promoveu un notable incremento do número de matrícula en todas as nosas Titulacións.


De acordo co “Informe de Indicadores” da Facultade de Filosofía do curso académico **2018-19** podemos constatar que o perfil formativo dos títulos de Grao e de Máster en Filosofía (USC) manteñen a súa relevancia e carácter actual de acordo cos requisitos que regulan: (A) o seu ámbito académico-científico, (B) o seu ámbito profesional.

A relevancia e actualidade do título de Grao en Filosofía e de Máster en Filosofía, malia o contexto de crise que as materias de Filosofía están a sufrir no Ensino Secundario e a competencia directa que supón para o noso Posgrao o Máster para a ensinanza de Filosofía en Bacharelato, ponse de manifesto na tendencia crecente de matrícula que se ven producindo durante os últimos anos:

No caso do Grao en Filosofía: no curso 2014-15 o número de alumnado matriculado de novo ingreso foi 39, incrementándose ata 51 no seguinte curso 2015-16, e de 55 no curso 2016-17, e seguimos experimentando un forte crecemento acadando 73 no curso 2017-18 e manténdose en 70 no curso **2018-19**, consolidando así un crecemento superior ao 25% en referencia aos anos precedentes. O **IN04G** evidencia este aumento significativo de Matrícula verbo do curso 2016-17, tendendo a consolidar unha tendencia crecente acumulada dende o curso 2013-14 no que se sitúa a orixe deste cambio de tendencia. Pódese ver no seguinte gráfico:

GRAO. Matrícula de novo ingreso por preinscrición (IN04G):


	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total	39,00	51,00	55,00	73,00	70,00



No caso do Máster: cómpre destacar que no curso 2017/18 -segundo ano dende a súa implantación- o título de Máster logrou xa duplicar o número de alumnos/as matriculados verbo da súa primeira edición, pasando a contar con 15 alumnos. No **curso 2018-19** logra manterse nese aumento e continuar a crecer no curso 2019/20 no que actualmente contamos con 17 alumnos, situándonos nunha taxa do 85% respecto ao límite de 20 prazas ofertadas (IN01C):

-MÁSTER. Matrícula de novo ingreso por preinscrición (IN02M):


	2016-17	2017-18	2018-19
Total	7,00	15,00	15,00



En consecuencia, tendo en conta as dúas titulacións, a Facultade de Filosofía rexistra un número de Matrícula proporcional a súa oferta de prazas e consolidando unha forte tendencia á alza: no curso **2018-19** rexistra un total de 83 alumnos/as de matrícula de novo ingreso (IN04C), que consolidan os 232 alumnos/as cos que conta o Centro (IN02C) e que sitúa a "taxa de ocupación" no 97,65% (IN12C).

GRAO E MÁSTER. Matrícula de novo ingreso (**IN04C**):

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Grao en Filosofía	39,00	39,00	51,00	55,00	73,00	70,00
Máster Universitario en Filosofía: Coñecemento e Cidadanía	-	-	-	7,00	13,00	13,00
Total	54,00	39,00	55,00	62,00	86,00	83,00



Este incremento de matrícula que vimos experimentando dende o curso 2015-16 (73) e que está referendado no curso 2018-19 (70 de nova preinscrición), supuxo superar o 100% no caso do Grao en "Matrícula de acceso" (**IN03G**) o número de prazas ofertadas polo título, que é de 65 (**IN01G**), e que no caso do Máster situase no 75%.

Taxa de ocupación (**IN12C**):

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Grao en Filosofía	60,00	60,00	78,46	84,62	112,31	107,69
Máster Universitario en Filosofía: Coñecemento e Cidadanía	-	-	-	35,00	65,00	65,00
Total	54,00	60,00	68,75	72,94	101,18	97,65


No conxunto da Matrícula do presente curso 2018-19 constatamos que, no caso do Grao, o 96,92% (**IN10C**) da matrícula corresponde ao alumnado que situou este Grao como primeira preferencia situando a nota media de acceso por preinscrición (**IN06C**) en 8,66 puntos (sobre 14), e facéndoa subir máis de punto e medio verbo dos anos anteriores, o que implica o ingreso dun alumnado cada ano máis formado; e unha nota media de 7,70 no caso do Máster, que se mantén na media do último trienio (**IN06C**).

Nota media de acceso por preinscrición (**IN06C**):

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Grao en Filosofía	7,24	7,42	6,94	7,15	8,43	8,66
Máster Universitario en Filosofía: Coñecemento e Cidadanía	-	-	-	7,55	8,07	7,70
Total	7,24	7,42	6,98	7,18	8,39	8,58

Matrícula en primeira opción (**IN10C**): rexistra un forte ascenso e consolida unha tendencia á alza e, en consecuencia, “proporciona unha positiva información sobre a captación de alumnado”:

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Grao en Filosofía	52,31	52,31	60,00	61,54	90,77	96,92
Total	52,31	52,31	60,00	61,54	90,77	96,92



No que toca á Matrícula tamén constatamos:

- Xeograficamente (segundo o "Informe de procedencia xeográfica", **Inf. 16**), que o Grao de Filosofía da USC, como único Grao de Filosofía do SUG, cumpre o necesario servizo institucional e académico de atender á demanda de matrícula en Filosofía formalizada por unha inmensa maioría de estudantes da Comunidade Autónoma de Galicia que optaron por esta opción formativa: en torno ao 97% do total dos nosos matriculados provén de Galicia (**IN09C**); mais é salientable reparar que no curso 2018-19 subiu o número da matrícula de estudantes do resto do territorio español: pasou do 2,22 % rexistrado no 2016-17 ao 2,76% no 2018-19 e mantívose verbo ao 2,97% do 2017-18 (**IN09G**). Así, se no 2015-16 contabamos con 3 estudantes de fóra de Galicia, no 2018-19 contamos con 7 (polo que duplicamos o rexistro no último trienio). Estes números, aínda que mellorables, sitúanse porriba da media dos últimos anos do noso Centro (media do último sexenio: 2,26%). A porcentaxe de estudantes estranxeiros do presente curso 2018-19 (1,72%) mantéñese verbo da media do último trienio que situamos no 2% (**IN08C**).
- Interdisciplinariamente constatamos que o perfil de ingreso máis abundante do noso alumnado correspóndese ao perfil humanístico, pero resulta salientable a proporción significativa de alumnado procedente do Bacharelato de Ciencias e de Ciencia e Tecnoloxía (aproximadamente un 25% dos/as matriculados/as en Grao no curso 2018-19), tratándose dunha porcentaxe que se ven mantendo nesas cifras no último quinquenio (**INF.CIUG_2018-2019**) e sendo semellante á porcentaxe no caso do Máster. Sen dúbida este dato reflicte o carácter interdisciplinar das nosas Titulacións. Tamén constatamos positivamente o interese que logramos captar nos nosos futuros alumnos/as, xa que maioritariamente o alumnado matriculado escolle Filosofía como primeira opción (90,1%). No curso 2018-19, os preinscritos/as en primeira opción matriculados por primeira vez, chega a acadar un sorprendente 96,92% (**IN10G**), consolidando unha

tendencia á alza que se viña experimentando e desviándose moi positivamente da media de 63,38% que presentaba o Centro nos últimos cinco anos.

Entendemos que este positivo aumento ininterrompido de matrícula en ambas Titulacións está directamente relacionado, entre outras posibles causas, coas Accións de Mellora especificamente orientadas á captación de novo alumnado, desenvolvendo iniciativas que reforzan a visibilidade dos nosos estudos para a sociedade. Alén do contemplado no Plan de Viabilidade, executáronse Accións de Mellora moi concretas, que se consolidaron finalmente como protocolos e procedementos habituais de funcionamento dos nosos títulos. En especial cabe salientar aquí aquelas destinadas a favorecer á proxección social das nosas titulacións, como a Semana da Filosofía Xoven ou como a Olimpíada Filosófica que achega ao noso Centro a presenza dun gran número de estudantes de Ensino Secundario, aproveitando os motivos da mesma para establecer un primeiro contacto non só co noso Centro senón tamén co seu PDI, moi implicado no desenvolvemento desta actividade de captación de alumnado en estreita colaboración co profesorado do Ensino Medio (por exemplo, foi un Profesor de Ensino Medio, Javier Turnes do IES Rosalía de Castro, o encargado de dar a Conferencia inaugural do Día da Filosofía, ademais da participación das Profesoras de Ensino Secundario África Souto, Eva Garea o María Rey en distintas actividades do Centro descritas nos correspondentes Autoinformes). Neste ámbito de proxección do noso Título, cómpre lembrar tamén que o noso Centro participa activamente no Programa A Ponte, (Coord. Prof. Javier Barcia) que desenvolve as visitas dos estudantes de Institutos de Bacharelato ao noso Centro, ofrecéndolles durante a visita material divulgativo sobre a nosa Titulación, así como a posta a disposición a través da web de dípticos e vídeos informativos acerca do Grao en Filosofía. Tamén cabe subliñar, no desenvolvemento deste Programa A Ponte, a participación de varios docentes do Centro nos Encontros de presentación de titulacións da USC así como a atención específica a cada un dos IES que solicitan poder visitarnos na Facultade e a participación nos Encontros Virtuais que a USC celebra co Ensino Secundario. Esta política do noso Centro de colaboración co Ensino Medio vense desenvolvendo desde xa hai moitos cursos coa organización dos "Encontros Galegos de Filosofía" (máis de seis edicións celebradas), deseñados como espazos congresuais reservados á participación (como conferenciantes) de profesores de Ensino Medio no noso Centro. Ademais véñense fortalecendo esas pontes co Ensino Medio no desenvolvemento da AM2 (Plan de Mellora 2016-17) pola que tivo lugar unha xornada específica de encontro con profesorado de Ensino Medio coa fin de valorar o presente e futuro da Filosofía no Ensino Secundario promovendo unha estreita colaboración co grupo de profesores/as que liderou a reivindicación (ILP) para a recuperación da materia de Filosofía como obrigatoria no bacharelato. Nesta liña de traballo, tamén levamos a cabo a **AM7 (Plan de Melloras do Grao 2018-19)** que promoveu un Congreso da Facultade de Filosofía cunha sección en concreto destinada á participación do Profesorado de Ensino Secundario sobre a temática do "Camiño a percorrer pola Filosofía nesa etapa formativa", na que as profesoras Eva Garea e María Rey Sobral presentaron unha análise do estado e desenvolvemento do currículo da filosofía no Ensino Medio. A partir destas valiosas achegas adquiriuse o compromiso de realizar un próximo Encontro específico sobre a situación da filosofía no Ensino Medio e a súa avaliación nas ABAU (previsto para o 2021 pero dependendo da evolución da reforma da LOMCE).

O noso Centro non só traballou na relación co Ensino Medio senón tamén especialmente no reforzo da visibilidade dos nosos estudos para a sociedade. Neste eido, puxemos especial interese na proposta de novos espazos profesionais para os nosos egresados/as, incidindo no carácter da Filosofía non só como unha especialidade en si mesma con perfil docente e investigador, senón tamén no seu valor formativo con tendencia profesionalizante, e sen esquecer a súa importancia como título complementario doutras titulacións de grao e máster. Entendemos que este carácter "transversal" da Filosofía, de "relación con outras disciplinas", foi a causa da AM 7 (Plan de Mellora do Grao 2017-18) na que se pretendía contribuir a unha "maior visibilidade dos estudos de filosofía" proponendo unha actividade de "Cine e filosofía" -que deseñada por horarios, metodoloxía e formato- estaba especialmente destinada "ao alumnado exterior ao Centro", co propósito de reforzar a constante de contar cada ano entre o noso alumnado de Grao con estudantes que veñen de/con outras titulacións.

Dende entón, a Facultade de Filosofía non reduciu os seus esforzos da proxección social do valor da súa titulación indo máis alá das iniciativas xa mencionadas. Así, grazas ao Plan de Viabilidade e a execución da AM1 (Plan de Melloras do Grao 2016-17) orientada á "elaboración de material informativo para potenciais grupos de interese do noso ámbito de estudos", puidemos acometer a tarefa de elaborar material divulgativo sobre a presenza do noso Centro no ámbito cultural, académico e social, que actualmente áchase inxerido na páxina Web do Centro, especificamente nos capítulos de "presentación" e "saídas profesionais" da nosa titulación. En continuidade con esta labor, realizamos a AM1

(Plan de Melloras do Grao 2017-18), pola que ampliamos o "material informativo para grupos de interese acerca da filosofía como disciplina". Tamén conforme á **AM1 (Plan de Melloras do Grao 2018-19)** procedeuse á "difusión destes materiais a través da páxina web do Centro", ampliando tamén a presenza na web do programa *A Ponte* a través de dípticos e vídeos do Grao de Filosofía. A **AM6 (Plan de Melloras do Centro 2018-19)** axudou a reforzar esta liña de traballo e levouse a cabo a realización de novo material informativo-publicitario do Centro e das súas titulacións, tanto de Grao como de Máster, distribuído na OIU e nos Encontros de presentación das Titulacións ás que concorre a USC co propósito -creemos que acadado segundo a taxa de matrícula- de reforzar a proxección do Centro para manter os índices de captación de alumnado. Pódese así observar a constante liña de acción, continuada no tempo, que pon de manifesto o noso compromiso coa ampliación da proxección da Filosofía na sociedade.

Nesta liña de actuación que, seguindo a AM7 (Plan de Melloras da USC 2017-18), está orientada a "dar maior visibilidade á información pública dos títulos nas páxinas web" a Facultade de Filosofía non dubidou entón en acudir a unha empresa consultora de egresados de Filosofía co propósito de recadar información e ideas sobre as posibilidades da presenza da Filosofía no funcionamento das Institucións. Xa con anterioridade a AM8 (Plan de Melloras do Grao 2016-17) fixaba o obxectivo de proxectar a temática da Filosofía sobre a sociedade e con tal fin promoveuse unha serie de conferencias periódicas sobre temas transversais á filosofía, precisamente impartidas por especialistas doutros Centros. Seguindo estas actuacións, o Centro decidiu manter e continuar co obxectivo de promover a proxección e permeabilidade social do saber filosófico verbo doutras especialidades académicas. Así, na AM7 (Plan de Melloras do Grao 2017-18) procedeuse a realización dun Ciclo de "Cine e Filosofía" de xeito que, utilizando a universal linguaxe cinematográfica, abriuse a oportunidade de debater sobre temáticas de calado filosófico cun amplo abano de persoas de diversas especialidades, promovendo non só o carácter transversal da Filosofía senón tamén conseguíuse atraer ao noso Centro a un público moi diverso, favorecendo a conciencia da Filosofía como especialidade transversal e aberta as máis actuais cuestións sociais. Consideramos que esta Acción de Mellora é un exemplo que reforzou a visibilidade dos estudos de Filosofía, especialmente no alumnado doutros Centros. Durante o **curso 2018-19**, o Centro mantivo neste sentido e con este propósito a Organización de actividades culturais a disposición do seu alumnado ademais de abertas ao público en xeral: (i) o ciclo de Conferencias abertas con propósito divulgativo sobre temas de actualidade das distintas áreas de coñecemento; (ii) o ciclo de presentación de libros, tanto do PDI do Centro como de egresados/as e mesmo de alumnado da Facultade; (iii) a celebración da Semana de "Filosofía na Rúa" na que se celebraron actos propostos e desenvolvidos tanto polo PDI do Centro como polo estudantado; (iv) as leccións maxistras abertas a toda a comunidade do Centro, impartidas polo PDI recentemente xubilado. No curso 2019-20 esta permanente dedicación ao fomento da "visibilidade" da Filosofía permanece activa xa que a AM1 está dedicada ao "incremento da visibilidade e transversalidade do noso Grao" comprometéndose na realización xa executada de (i) organización de charlas sobre temas de actualidade -sirvan como exemplo as Conferencias da Profesora África López Souto, Prof. Joao Ribeiro Mendes (Univ. Braga), Prof. Joao Rosas (Univ. Braga), Prof. Manuel Outeirño (USC), Prof. Torres Queiruga (USC), Prof. Ramón López Vázquez, Dr. Joaquin Sousa, Prof. Manuel Mandianes, Prof. Xosé Ramón Mariño Ferro (USC), ou Prof. Diego Play Augusto (Univ. Oviedo)-; (ii) colaboración na Olimpíada de Filosofía Galega (xa celebrada) e Española (posposta para Outubro por mor da COVID); (iii) a próxima organización da II Edición do Ciclo "Cine Filosófico".

Con todo, a proxección das nosas Titulacións non foi só traballada no "eido social" senón que tamén promovemos algunha Acción máis dirixida ao ámbito académico. En canto á proxección do noso Centro a nivel académico cómpre ter en conta que se trata dun Centro relativamente pequeno en termos cuantitativos verbo doutras Titulacións da USC. Nembargantes, tamén é certo que somos o único Centro de titulación de Grao de Filosofía no SUG e entendemos que esa singularidade, sempre avalada por estes índices de calidade, debe de implicar unha natural proxección da Facultade sobre o entorno académico máis inmediato. Así, cabe salientar que o noso Centro segue a promover interdisciplinarmente a incorporación de PDI doutros Centros na impartición de contidos do título de Máster en Filosofía: "Coñecemento e Cidadanía" e neste curso 2019-20 pasamos a incorporar unha nova área de coñecemento que é Comunicación Audiovisual (Facultade de Xornalismo). Actualmente seguimos a traballar na mellora desta proxección estratéxica da Facultade de Filosofía no ámbito académico máis próximo promovendo a través da **AM7 (Plan de melloras do Centro 2018-19)** que implica a apertura dun concepto orzamentario específico interno (ata ese momento inexistente) para a contribución á celebración de Congresos e Reunións científicas (2019) organizadas polo PDI do Centro e que potencien a visibilidade das Áreas de coñecemento da nosa Titulación e a súa transversalidade con áreas afíns. Desenvolveuse un procedemento interno da Facultade específico para este concepto mesmo detallando as cantidades a asignar (JF 06/06/2019) e atendéronse as solicitudes presentadas.

En resumen, durante o curso 2018-19, o Centro reforzou esta liña de captación de alumnado e proxección social das súas Titulacións, tanto de Grao como de Máster (AM6. Plan de Melloras Centro 2019-20):

- (i) Editou novos dípticos e libretos informativos do Centro e incrementou a súa distribución polos Institutos de Ensino Secundario e outras Institucións, na Oficina de Información ao Estudantado (OIE) da USC e na páxina web propia do Centro, reforzando así a AM-01 Plan de Mellora Grao 2018-19.
- (ii) Incrementou a súa participación nas actividades do "Programa A Ponte" xa que continuou coas "charlas temáticas", cos "Encontros na USC" (recibindo durante tres días a mais máis de 250 estudantes de Ensino Medio na Facultade), coa "Xornada de Orientación" (que cada ano ten lugar na Coruña organizada pola USC e a Deputación de A Coruña e á que asisten todos os IES da Provincia), e incorporándonos á Feira de Presentación de Titulacións de Grao e de Máster (II Feira de Innovación da USC celebrada na Cidade da Cultura) así como tamén aos Encontros Virtuais da USC de Grao e de Máster nos que aumentamos o material audiovisual informativo-publicitario dos títulos da Facultade.
- (iii) Actualizou, especialmente no caso do Máster, a súa Web propia (AM2. PM Máster 2017-18) e promoveu a mellora do seu posicionamento web (AM-03. PM Máster 2018-19).

Xa no curso 2016-17, a través da AM-01 dese curso, o Centro traballaba na elaboración de material informativo para grupos de interese acerca dos estudos de Filosofía e das posibles saídas profesionais dos egresados e egresadas. Naquel ano, unha consultora xestionada por egresados/as da Facultade abordou unha aproximación á localización e presenza de contidos e perfís-competencias da Titulación de Filosofía en diversas Institucións culturais e académicas. Posteriormente, no curso 2017-18 procedeuse á adaptación dese material informativo para ser incorporado á páxina Web do Centro (na etiqueta de "Saídas Profesionais"). Deste xeito, cumprimos coa AM7 do Plan de Melloras da USC 2017-18 que procuraba "mellorar e dar maior visibilidade á información pública dos títulos nas páxinas web, en especial, a aquela que resulte de interese para a toma de decisión do alumnado". Para nós, esta tarefa segue a ser un compromiso do Centro e así entendemos que as accións sinaladas, xunto coas iniciativas que a continuación comentamos máis polo miúdo nesta Memoria, favorecen fortemente o ininterrompido aumento de matrícula nas nosas Titulacións mencionado ao inicio deste apartado. As Accións de Mellora, descritas nos Autoinformes de Grao e Máster, especificamente orientadas á captación de novo alumnado, son principalmente iniciativas que reforzan a visibilidade dos nosos estudos para a sociedade. Así, puxemos especial interese en potenciar o carácter da Filosofía: como unha especialidade en si mesma con perfil docente e investigador, pero tamén polo seu valor formativo con tendencia profesionalizante (AM3. Plan de Melloras Grao 2018-19 apertura de novos espazos profesionais para os nosos egresados/as a través das "prácticas externas"), e polo seu carácter transversal como título complementario doutras titulacións de Grao e Máster. Entendemos que este carácter "transversal" da Filosofía oferta unha "maior visibilidade aos estudos de filosofía", tal e como se manifesta na AM 7 (Plan de Mellora do Grao 2017-18), cunha actividade destinada (por horarios, metodoloxía e formato) especialmente para "ao alumnado exterior ao Centro", co propósito de reforzar o aumento constante -que entendemos como moi positivo- de contar cada ano entre o noso alumnado de Grao con estudantes que veñen de, ou con, outras titulacións.

En conclusión, constatamos o esforzo do Centro no traballo de "captación de alumnado" que se ven traducindo nun positivo incremento ininterrompido de matrícula. O Centro incrementou o material informativo acerca da Filosofía como disciplina e das súas posibles "saídas profesionais" que difundiu a través da súa páxina web (AM1 Plan de Melloras de Grao en Filosofía 2018-19). Tamén activou un gasto orzamentario dedicado a fomentar o desenvolvemento de "actividades transversais" (AM7 Plan de Melloras do Centro 2018-19) que redunden na visibilidade social do noso Título, tal como as "Conferencias periódicas sobre temas de actualidade", o ciclo de "Filosofía Xoven", a "Olimpiada Filosófica", as Reunións científicas organizadas polo PDI do Centro, o "Cine-forum", o "Ciclo de cine", etc. Así mesmo, e para constatación de que a proxección das nosas Titulacións segue a ser un eixo clave para nós, o Centro continúa a favorecer a súa "comunicación externa" (AM4 do Plan de Melloras do Centro 2018-19 pola que facilitamos ao Gabinete de Comunicación da USC o contacto dos Coordinadores de Área a efectos de interlocución sobre temas de interese e actualidade directamente relacionados coas mesmas) e "comunicación interna" (AM5 do Plan de Melloras do Centro 2018-19 pola que editamos na nosa web o *Acontece. Boletín de novidades da Facultade de Filosofía* cun Consello de Redacción que inclúe tanto a PDI como a estudantes das nosas Titulacións). Entendemos que estas Accións, en conxunto coas anteriormente descritas, favoreceron notablemente a consecución do incremento de matrícula que obtiveron as nosas Titulacións, conseguindo mesmo deixar en suspenso o último Plan de Viabilidade (2015-16).

2.- A titoría e orientación do estudiantado das nosas Titulacións,

Conforme ao **PC-03 Apoio a estudantes**, ten implicado ao Centro no desenvolvemento dun "Plan xeral de acollida e orientación de estudantes", cuxo principal propósito é facilitar a adaptación do alumnado de primeiro curso ás dinámicas dos estudos universitarios e, en consecuencia, contribuír a unha redución da "taxa de abandono" do primeiro curso, onde cabe un certo percorrido de mellora.

Este "Programa de Orientación ao estudiantado", durante o curso 2018-19, na procura de axilizar e consolidar a incorporación e integración do alumnado de primeiro curso, desenvólvese –conforme a cursos precedentes– fundamentalmente en tres Accións específicas ou eixos de actuación:

A) a través do Coordinador no Centro do "Programa A Ponte" (Prof. Javier Barcia) e os dous alumnos-titores do mesmo no Centro, traballan fundamentalmente na presentación do Grao de Filosofía (USC) entre os/as futuros/as estudantes e diversos grupos de interese así como na recepción dos mesmos no Centro (Encontros na zona USC, Encontros virtuais titulacións USC, II Feira de Innovación USC, Xornada de Orientación Laboral, etc).

B) a través do "Programa de Titorías persoalizadas" (coordinado no Centro pola Prof. M^a Luz Pintos) polo que cada estudante ten asignado a un profesor/a titor/a persoal, a súa libre disposición, para ser atendido en relación a calquera asunto ou problema que se lle presente relacionado cos seus estudos ou coa súa vida na Facultade e para recibir a orientación que demande durante o seu período formativo. Neste curso 2019-20, a proposta da propia profesora e do Coordinador de Grao, procédese a un reforzo do "Programa de titorías personalizadas" e de feito no curso 2019-20, a través da súa AM5 Plan de Melloras do Grao 2019-20, o Centro reforza a importancia deste "programa" enviando un correo electrónico personalizado a cada alumno/a indicándolle o nome e contacto do seu titor/a, recordándolle as súas funcións e unha proposta de cita-entrevista con data durante o primeiro semestre do curso. Con isto, o Centro pretende reforzar desde o primeiro momento a integración do alumnado nas súas titulacións ou de ser o caso detectar o antes posible as causas dunha posible baixada de rendemento ou de abandono.

C) a través da figura do Profesor Coordinador de curso, co que o estudante pode tratar os temas máis concretos que afectan ao seguimento dese curso, pensado especialmente tamén para aqueles estudantes que se incorporan nos sucesivos prazos de matrícula, unha vez comezado o curso académico.

Todas estas actuacións son analizadas polo Coordinador de Grao que a súa vez dá traslado, se procede, dos feitos máis destacados (caso de haberlos) nas correspondentes reunións de Coordinación.

O compromiso do Centro con estas actuacións ponse de manifesto pola AM8 do Plan de Mellora do Máster en Filosofía na que se propón acometer unha adaptación deste Protocolo de atención do Grao ás especificidades e necesidades do alumnado de Máster.

En razón do sinalado, constatamos que o Centro desenvolve a oferta dun extenso e variado "programa de titorías" (complementarias ás titorías específicas de cada materia) á disposición do seu alumnado e dos seus diversos grupos de interese, cos que se reforza a información relevante do título e a información precisa para o correcto seguimento, especialmente do primeiro curso, tentando resolver as dúbidas que o noso alumnado nos traslada e demanda e mellorar as posibles causas de baixada de rendemento e mesmo de abandono. Deste xeito, o noso alumnado ten a súa disposición todo un diverso tipo de interlocutores (profesores/as e mesmo estudantes de cuarto curso) para aclarar e facilitar a súa integración no Centro: para cuestións ligadas á a cada unha das materias dispoñen de titorías no despacho co seu profesorado de curso, para temas relacionados coa dinámica xeral do curso dispoñen de titorías co coordinador de curso, e para cuestións de tipo máis persoal ou cando buscan orientación sobre algún tema ligado ao funcionamento universitario xeral, dispoñen de titorías persoalizadas co seu respectivo titor ou titora; e, por último, para cuestións máis transversais do colectivo do estudiantado dispoñen de titorías con alumnos-titores de terceiro e cuarto curso, quen desenvolven esta tarefa de acordo ao "Programa de Titores" implantado polo Programa *A Ponte* da USC e no que o noso Centro participa moi activamente. A súa vez, esta información é tratada, se procede, nas reunións co Coordinador de Título, tanto de Grao como de Máster.

Con todo, consideramos que no Centro os índices de satisfacción do alumnado coa titulación 3,73 é razoablemente boa pola que entendemos que o Programa, aínda que reforzado, está a funcionar aceptablemente ben. Unha das razóns polas que seguramente a integración do alumnado no Centro resulta boa e rápida é a adecuación dos tamaños dos grupos de docencia (no curso **2018-19**: docencia expositiva **(IN31C)** 27,37 e docencia interactiva **(IN32C)** 23,63) verbo das actividades formativas que no noso Centro tende a ser ben equilibrada (lonxe dos problemas das titulacións masificadas) e sen presentar desviación significativa verbo da media 28,17 dos últimos seis anos, aínda que tendo, aínda que sendo a media da USC de 22,62, consideramos que debería haber por parte da USC (Organización

Académica) un espazo para unha posible multiplicación de grupos do Centro, que resultaría importante para favorecer a adquisición de competencias propias e específicas da titulación. No caso do Máster, cunha matrícula total de 17 alumnos/as, o tamaño dos grupos é óptimo e así o reflexa a alta "taxa de éxito" 99,5%.

En termos xerais, consideramos que os títulos do Centro contan con *mecanismos de coordinación* que nos permiten facer un seguimento do correcto desenvolvemento do seu Plan de estudos e da adquisición das competencias propias por parte do seu alumnado. No curso **2018-19** o Centro segue a manifestar o seu compromiso con este concepto e mantén vivas todas as iniciativas de Coordinación adoptadas en anos anteriores. Como xa indicamos, existe unha Coordinación, tanto vertical como horizontal, no seguimento do plan de estudos, que vai dende os profesores coordinadores de materia (no caso daquelas materias que son impartidas por máis dun único docente), pasando polos catro profesores/as coordinadores de cada un dos catro cursos do plan de estudos ata o Coordinador de Grao. Todos eles traballan en equipo na procura de localizar aspectos disfuncionais ou espazos de mellora para a nosa Titulación, dentro do que chamamos "plan de reforzo de coordinación" do Centro, que se implantou como un protocolo no noso habitual funcionamento: distintas reunións –físicas ou telemáticas- de cada coordinador de curso, tanto co profesorado como co alumnado dese respectivo curso, para analizar as estatísticas da avaliación das materias así como os elementos máis relevantes do desenvolvemento do mesmo tentan facilitar a integración do noso alumnado detectando espazos de mellora académica. Unha medida específica que se ven levando a cabo con ocasión destas reunións, e atendendo á solicitude do alumnado, é a elaboración dun calendario de actividades para cada semestre de cada curso académico no que se reúnen as datas das diferentes tarefas das diversas materias do curso de tal xeito que se pode facer unha distribución equilibrada do traballo do alumnado, proponendo alternativas cando se detectan varias coincidencias na mesma data. Debemos indicar que este protocolo de Coordinación, especialmente no que toca ao traballo dos Coordinadores de Curso, resultou ser moi eficaz na xestión das actividades no presenciais no curso 2019-20 motivadas pola COVID, refacendo un novo calendario de tarefas adaptado as novas datas e solucionando as coincidencias, así como tamén o traballo dos órganos de dirección de Departamento e da Facultade na rápida e uniforme adaptación dos Programas de cada materia, no relativo á metodoloxía e á avaliación das mesmas.

Ademais, seguindo as recomendacións do Informe de Avaliación de Renovación da Acreditación, se incorporou ao "protocolo de coordinación", a través das tarefas propias dos coordinadores de curso e da Responsable de Asuntos de Mobilidade do Centro, o compromiso de reforzar as informacións para o alumnado (de primeiro e segundo curso especialmente) relativas aos programas de mobilidade da Facultade e á correspondente conveniencia de aprendizaxe de idiomas, tamén para o proveito do propio Grao. Así, no curso 2018-19, a través da **AM4 (PM. 2018-19)** o Centro fixo un esforzo por reducir as dificultades que o alumnado que realiza mobilidade puidera ter na súa reincorporación, e en consecuencia incluíuse información específica na terceira reunión do "protocolo de mobilidade saínte" e incluíuse de forma expresa a este alumnado na instrución que regula a prelación de exames dado que en ocasións lles queda algunha materia pendente a causa das validacións (AM3. 2019-20). Consideramos especialmente relevante neste compromiso coa Coordinación o esforzo do Centro pola mellora e uniformidade que se ven manifestando nas Guías Docentes dende o curso 2016-17 e que no curso 2017-18 adquiriu maior precisión logrando que todas as Guías Docentes do Centro fixeran referencia expresa á correspondencia da avaliación non só cos contidos, senón tamén coas competencias, e que en todas, ademais, se precisase o modo de avaliación para o alumnado obxecto de dispensa de asistencia. No curso **2018-19** continuamos de xeito xa instalado nas boas prácticas do centro a facer as Guías Docentes para cada materia, arbitrando ademais a prelación na súa avaliación no caso de coincidencia entre elas. No curso 2019-20, por motivo do COVID, o Centro decidiu atender a suxestión de diversos docentes e da dirección do departamento de absterse puntualmente este curso na realización das mesmas dado o alto índice de imprevisibilidade das circunstancias nas que se desenvolverá o curso, de xeito que unhas instrucións tan precisas nese caso podería producir desorientación no alumnado se varían as circunstancias de presencialidade nas aulas. Con todo, a totalidade do PDI do Centro, como mostra da súa implicación na coordinación, fixo o esforzo de aumentar os seus Programas, adaptando explicitamente tanto a Metodoloxía como a Avaliación das súas materias aos diferentes escenarios posibles que ante o COVID nos presentou a USC. Neste sentido resulta evidente o compromiso do Centro coa orientación académica do seu estudantado.

Tamén co propósito de suscitar un interese académico de certa transversalidade no noso estudantado, durante o curso **2018-19**, se realizou –seguindo a experiencia do curso anterior- un exercicio de cooperación entre profesorado de tres materias de primeiro curso segundo semestre que traballaron de xeito coordinado algúns contidos, competencias e avaliación do programa (a través dunha experiencia de "cine-forum"). O Centro ten moi presente o valor positivo deste caso e insiste en promover máis experiencias neste eido, que se están tamén a desenvolver no noso título de Máster e que se amplían cada curso como pon de manifesto a **AM1 do Plan de Melloras do Máster 2018-19** ampliada pola **AM1 do Plan de Melloras do Máster 2019-20** e que foron moi ben recibidas no "Informe provisional de Renovación de Acreditación da titulación". Igualmente, e buscando unha orientación interdisciplinar no noso estudantado, o Centro segue


a reforzar a Coordinación con outras áreas de coñecemento afíns para reforzar a proxección da Filosofía como especialidade transversal e complementaria, levando a cabo fórmulas de cooperación con outras disciplinas promovendo por exemplo a programación do "ciclo de cine" motivado na AM7 Plan de Melloras de Grao de Filosofía 2017-18 e recuperado pola AM1 2019-20, así como a Coordinación con áreas externas ao Centro que foron recentemente incorporadas á docencia do título de Posgrao, como por exemplo a área de Comunicación Audiovisual da Facultade de Xornalismo. Outro eixo de actuación na Coordinación que busca unha mellora na rendemento do noso alumnado foi o relativo aos TFG, procurando axustar o calendario e cronograma dos TFG (**AM-05 do Plan de Melloras do Grao de Filosofía 2018-19**) así como tamén someter a debate -a proposta do nosos estudiantado trasladada polas enquisas de satisfacción co TFG deseñadas polo Centro- aplicar unha maior ponderación do informe do titor na avaliación, de xeito que logremos axustarnos máis a duración dos estudos de Grao estipulada na MVT e, en consecuencia, tender a mellorar a nosa "taxa de rendemento" (**IN34CG 67,76%; IN34CM 79,62%**).

Cómpre lembrar que para o Centro, o correcto desenvolvemento do protocolo de Coordinación resulta ser un asunto relevante e en consecuencia querémolo estender a todas as nosas titulacións e nesta liña activamos a AM8 PM Máster 2019-20 pola que se pretende aplicar o protocolo de coordinación e acción titorial do Centro adaptada á titulación de Máster.

Por último, queremos sinalar que o Centro mantén unha constante revisión deste Protocolo de coordinación e acción titorial e neste sentido, seguindo a suxestión do Coordinador de Grao, o Centro realizou unha mellora (**AM5. Plan de melloras 2019-20**) na súa "acción titorial" estendendo, no acto de presentación de curso, a información sobre o Programa de Titorías personalizadas do Centro sinalando a súa importancia como mecanismo de adaptación á nova vida universitaria.

En definitiva, o Centro ven durante todos estes cursos aplicando e mellorando progresivamente o seu "protocolo de coordinación" dado que a constatación do progresivo aumento de "taxa de matrícula" (**IN04C**) 83 e de "taxa de éxito" **IN35CG grao 87,99%** e **IN35CM Máster 99,5%**, sendo un 87,78% na USC, indican que os mecanismos de coordinación están a funcionar razoablemente ben, e a súa vez nos permiten detectar espazos de mellora permanentes como é tratar de reducir o elevado número de "non presentados" que manifesta a referida "taxa de rendemento" (67,76% no grao e 79,6% no máster). Tamén entendemos que o esforzo do Centro e o compromiso do seu PDI na participación das Accións de Coordinación non só reportan nun constatado aumento de Matrícula, senón tamén nunha positiva valoración por parte do noso alumnado: a satisfacción do alumnado coa titulación (**IN46G**) é de 3,73 puntos (chegando a 4,11 no caso das Prácticas Académicas Externas).

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total	3,64	3,45	3,61	3,73	3,71	3,73



En conclusión, consideramos que o Centro desenvolve Accións beneficiosas relativas ao PC-03 Apoio aos estudantes, especialmente destinadas ás titorías e orientación do estudiantado. Nesta liña, constatamos que o Centro activou o "Programa de acollida aos novos estudantes e acción titorial", mediante (i) o "Programa de alumnos titores"

enmarcado no Programa A Ponte co que o noso Centro traballa moi activamente a través do seu Coordinador na Facultade, para facilitar a incorporación do alumnado de primeiro curso; (ii) "as titorías personalizadas" que procede a asignar un docente titor a cada novo estudante do que pode solicitar todo tipo de asesoramento ou, simplemente, ser escoitado cando ten algún problema, ao longo do seu proceso formativo; (iii) "as titorías co Coordinador de curso" para recibir ou dar información máis relacionada co seguimento do curso.

Tendo en conta esta información e procurando a máis rápida e mellor incorporación e integración do alumnado de primeiro curso, o Centro ten implantado e desenvolve dende o curso 2016-17 (que se veñen mantendo no curso 2017-18 e 2018-19) tres Accións específicas orientadas a todo o alumnado e con especial incidencia ao alumnado de primeiro curso:

- a) A primeira acción é a centrada na oferta dun diverso "programa de titoría" no que se reforza ao alumnado a información relevante para o funcionamento do Grao e en especial do primeiro curso e mediante o que pretendemos resolver as dúbidas que nos trasladen. Esta acción se integra no "**Plan xeral de acollida e orientación de estudantes**" e se articula cunha ampla e versátil oferta de titorías para os estudantes, especialmente de primeiro curso, que segundo as informacións e cuestións demandadas, pode elixir entre un diverso tipo de interlocutores, favorecendo asimesmo os mecanismos de presentación e integración no Centro e cos compañeiros de estudos. Deste xeito, para cuestións máis académicas dispoñen de titorías personalizadas cos seus profesores de primeiro curso, e de titorías co coordinador de primeiro curso se a cuestión prantexada non afecta só a unha materia senón ao funcionamento de mais materias do mesmo curso; e para cuestións máis propias da titulación ou do funcionamento universitario dispoñen de titorías personalizadas co seu respectivo profesor-titor que lle é asignado ao principio dos estudos de Grao e lle fai un acompañamento ata a súa graduación. E por último para cuestións máis transversais do colectivo do estudantado dispoñen de titorías con alumnos-titores de terceiro e cuarto curso, que desenvolven esta tarefa de acordo ao "Programa de Titores" implantado polo Programa A Ponte da USC e no que o noso Centro participa activamente, adxudicando esta tarefa no curso **2018-19** a dous dos nosos alumnos que optaron por facer o correspondente "Curso do Programa de Titores". No curso 2019-20, como mostra da preocupación do Centro por fomentar a interlocución co noso alumnado, a AM5. Plan de melloras 2019-20 propón un reforzo desta "acción titorial" estendendo, no acto de presentación de curso, a información sobre o Programa de Titorías personalizadas do Centro sinalando a súa importancia como mecanismo de adaptación á nova vida universitaria. Tamén se enviou correo electrónico personalizado a cada alumno/a comunicando o nome do seu titor/a xunto cunha cita de presentación e entrevista que se foron levando a cabo ao longo do curso. Tamén na Titulación de Máster activamos a AM8. Plan de Melloras do Máster 2019-20 pola que se pretende aplicar o protocolo de coordinación e acción titorial do Centro adaptada á titulación de Máster a partir do xa existente protocolo de Coordinación posto en marcha pola anterior coordinadora da titulación (Profesora M^a Xosé Agra).
- b) A segunda acción de orientación para o estudantado, promovida pola AM1 Plan de Melloras do Grao en Filosofía 2019-20 (que consiste en afianzar toda aquela oferta de actividades a disposición do alumnado que o Centro ven ofertando con anterioridade e dun xeito moi periódico dende o curso **2018-19**) centrándose na oferta de reforzos de actividades culturais permanentes no noso Centro como actividades extracurriculares que axuden ao alumnado que desexe fomentar a técnica de lectura de textos complexos como pode ser o Seminario de Lecturas (organizado polo prof. Óscar Parcerro) ou o Curso de escritura creativa (organizado polo prof. Javier Barcia) así como a permanente orientación que reciben por parte do persoal da Biblioteca, e a celebración de periódicas conferencias, leccións maxistras e actos conmemorativos da filosofía (olimpíada filosófica, semana de filosofía na rúa, presentación de libros, ciclo de cine filosófico, etc, nos que o alumnado ten un importante papel de organización e execución das actividades).
- c) A terceira acción a considerar se corresponde co exercicio de potenciar o "coñecemento da Filosofía como opción formativa" xa entre o noso potencial alumnado (AM1. Plan de Melloras de Grao en Filosofía 2017-18), de xeito que o Centro elaborou material informativo acerca da Filosofía como disciplina e das súas

posibles "saídas profesionais", que finalmente difundiu a través da súa páxina web e da OIE (curso 2018-19). Nesta mesma liña de traballo e complementando esta AM1 2017-18, o Centro propuxo continuar con aquela "elaboración de material informativo de carácter xeral e tamén divulgativo" (**AM-01 Plan de Melloras do Grao en Filosofía 2018-19**), incorporando máis información na web propia do Centro, de xeito que no curso 2019-20 o Centro segue a elaborar mais contido e material informativo-publicitario das súas titulacións e incrementa a súa presenza na web do programa A Ponte como espazo de relación co Ensino Medio, a través de vídeos, dípticos, videoconferencias e recepción física dos estudantes no noso Centro (AM6. Plan de Melloras do Centro 2019-20) co propósito non só de favorecer a integración e permanencia dos nosos estudantes senón de promover que estes teñan o perfil de ingreso máis axeitado posible.

3.- En relación ao tema da achegamento do noso estudantado a espazos de mobilidade e de profesionalización como parte da súa formación,

O Centro constatou respectivamente o seu compromiso, ben a través da difusión dos "Programas de Mobilidade" vixentes na Facultade ou ben a través da implantación de "Prácticas externas" no noso título de Grao, favorecendo o **PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas**.

(i) Verbo da "mobilidade de estudantes", e dando cumprimento á recomendación de aumentar as taxas do Informe final de Avaliación para a Renovación da Acreditación do Grao, o Centro incorporou, no curso 2016-17, entre as tarefas dos coordinadores de curso, a de achegar ao alumnado información específica sobre as ofertas de mobilidade da Facultade, insistindo na importancia formativa desta experiencia e do correspondente aprendizaxe de idiomas. Igualmente, se procedeu ao nomeamento dunha persoa Responsable académica de Asuntos de Mobilidade (a profesora Concepción Martínez Vidal) e no curso 2017-18 procedeuse á elaboración dun "Plan de Mobilidade" e a execución do protocolo de xestión de Mobilidade na Facultade destinado a formalizar e coordinar os procedementos, administrativos e académicos, que a impulsan. Precisamente, a **AM5 (Plan de Melloras de Grao Filosofía 2017-18)** consistente na "elaboración dun protocolo para a xestión da mobilidade" (aprobado na Xunta de Facultade celebrada o 19/12/2018 e implantado no curso 2018-19), de xeito que se instauren procedementos eficaces e uniformes no impulso e administración deste tema. Este protocolo, no só pretende insistir na importancia da aprendizaxe de idiomas entre os alumnos/as, senón que máis alá diso, conta con ata tres reunións informativas para o alumnado, cada unha atendendo especificamente as cuestións concretas da fase de mobilidade na que se encontran os nosos alumnos/as.

Actualmente, consideramos que aquel protocolo facilitou e afianzou positivamente a participación do noso alumnado nos diferentes programas de mobilidade e así pode comprobarse nos datos relativos ao curso 2018-19:

- A mobilidade saínte mantén unha clara tendencia á alza no último quinquenio, a pesar de que descende puntualmente neste curso 2018-19 ata o 2,30 (5 estudantes) malia mesmas accións levadas a cabo que en anos anteriores. Historicamente, o Centro rexistra un ascenso neste índice que pasou do 2,31 (4 estudantes) no curso 2014-2015 a 2,73 (5 estudantes) no curso 2015-2016 e seguiu crescendo a 3,33 (6 estudantes) no curso 2016-17 ata chegar o 4,44 (9 estudantes) consignados no curso 2017-18. A baixada do presente curso pode ser só un dato puntual que non cambia a tendencia do índice e que con todo debe ser obxecto de seguemento se continúa manténdose á baixa.

- A mobilidade entrante que, pola contra, sufrira un claro retroceso pasando do 4,37 (14 estudantes) no curso 2015-2016 ao 1,1 (3 estudantes) no curso 2016-2017, ten nembargantes experimentado unha lixeira melloría no curso 2017-18 que presenta un avance do 1,1 do curso 2016-17 cara o 1,49 (3 estudantes) do curso 2017-18 e producíndose unha moi positiva melloría no curso 2018-19 que ascendeu a un 4,44%.

En liña coa AM05 PM 2017-18 xa citada e afianzando o compromiso do Centro co tema da mobilidade, se impulsa no curso 2018-19 a **AM-04 (Plan de Melloras do Grao de Filosofía 2018-19)** neste caso orientada especificamente a identificar e paliar as dificultades máis usuais que ten o alumnado na súa "reincorporación" ao Centro, estendendo o protocolo de xeito que se incorporan aspectos específicos relativos á mobilidade entrante e acordando a inclusión deste sector de alumnado na aplicación dos "Criterios de relación no caso de coincidencia en datas de avaliación" -tal e como

se consigna no "Protocolo de Prelación de exames" que o Centro ten na páxina web. As reunións establecidas nel celebráronse cun nivel de seguimento moi aceptable por parte dos estudantes.

En todo caso, cómpre ter moi en conta, como xa sinalábamos no noso propio Informe para a Renovación da Acreditación, a limitación real que supón para a mobilidade a ausencia de financiamento suficiente mediante bolsas, de maneira que poucas familias poden permitirse o seu custe real.

En conclusión, constatamos que o Centro activou e mantén vixente o "Plan de mobilidade" para o estudantado (AM4. 2018-19), a través da incorporación dun protocolo que regula concretamente os procedementos de xestión do Centro nese asunto, tanto no relativo á mobilidade saínte como á mobilidade entrante.

(ii) No que se refire ao futuro dos nosos estudantes e, por tanto, á posible "profesionalización dos egresados/as", constatamos o grande esforzo do Centro, non só pola elaboración de material informativo específico sobre as "saídas profesionais" das nosas Titulacións (AM-01. 2017-18), senón tamén e moi especialmente pola implantación do módulo de "Prácticas externas" no Grao de Filosofía (AM-03. 2018-19).

Cómpre salientar, neste sentido, que a Facultade de Filosofía non só fixo esforzos na proxección do seu interese no ámbito académico e tamén social, senón que ademais se comprometeu abertamente coa necesidade de abrir unha seria reflexión sobre a súa dimensión no ámbito profesional, mesmo apuntando á ampliación de novos espazos profesionais para as nosas Titulacións. Así, no curso 2016-17 iniciáronse contactos para favorecer a incorporación de potenciais espazos profesionais para as nosas Titulacións de cara a avanzar e favorecer, tamén, a proxección social da Filosofía. Nesta liña de traballo, enmarcada nunha reflexión sobre a dimensión profesionalizante da Filosofía, comezamos con dúas Accións de Mellora tomando como interlocutores aos/as egresados/as de Filosofía situados/as en ámbitos profesionais diferentes ao ensino, que asumimos como exemplos de novos espazos profesionais posibles para os nosos titulados e tituladas. No curso 2017-18, precisamente con ocasión da Renovación da Acreditación da Titulación, formouse un grupo de traballo para esta Acción AM2 do Plan de Melloras do Grao 2017-18 que promovía a "creación de grupos de discusión con egresados para obter información sobre as demandas dos ámbitos de inserción profesional dos especialistas en filosofía" reformulado como axentes consultivos no 2018-19 (AM-02 Plan de Mellora do Grao 2018-19), que nos trasladaron experiencias de "espazos" onde a Filosofía podería ter presenza e dimensión profesional. Nesta liña de acción, no curso 2017-18, promovemos uns primeiros contactos con distintas Institucións, sociais, políticas e culturais galegas nas que coidamos que a Filosofía podería ter presenza e consolidáronse aqueles primeiros contactos, concretándose na AM4 Plan de Melloras do Grao 2017-18 como a "articulación de convenios con distintas Institucións e empresas para formalizar unha oferta de prácticas externas para o alumnado", conforme a posibilidade xa contemplada na Memoria para a Verificación do Título (MVT). Convencidos de que a realización de prácticas incrementa o valor das titulacións e facilita certa experiencia laboral aos nosos egresados/as, no curso 2018-19 procedemos á firma bilateral dos Convenios coas devanditas Institucións e procedemos a articular a "Convocatoria de prácticas" integrándoa no seo do Plano e Estudos (6 créditos), tal e como se recolle na AM-03 (Plan de Melloras do Grao 2018-19) pola que se dispón e regula a implementación desas Prácticas Externas no Plan de Estudos do Grao de Filosofía, de xeito que o estudantado de terceiro e cuarto curso (correspondente a 2018-19) está xa a realizar estas prácticas.

Esta creación da primeira convocatoria de Practicas Académicas Externas (PAE) abriu unha experiencia laboral para algúns dos nosos estudantes que solicitaron as prazas ofertadas en senlleiras Institucións socio-políticas e culturais de Galicia: o Consello da Cultura Galega, a Fundación Granell, a Fundación Penzol, o Valedor do Pobo e a organización política do Bloque Nacionalista Galego (BNG) foron as Institucións receptoras desta primeira experiencia. Unha experiencia que tivo unha moi boa acollida e na que estamos a realizar esforzos de ampliación e mesmo de recuperación trala súa interrupción a causa da pandemia da COVID. A experiencia de realización das Prácticas Académicas Externas tivo unha "taxa de éxito" do 100% (INF 17) e unha alta valoración por parte do alumnado participante das mesmas dun 4,11 sobre 5 puntos (INF.06 2018-2019 e IN19G), tamén foi moi alta a valoración feita polos titores/as externos chegando a 4,83 (INF.07 2018-2019 e IN20G) así como tamén dos/das titores/as académicos/as rexistrando un 4,88 (INF.08 2018-2019 e IN21G). Conscientes desta boa acollida, durante o curso 2019-20 estamos a realizar esforzos de recuperación das mesmas trala súa interrupción pola pandemia do COVID e lograr incrementar as prazas ofertadas para subir o inicial 7,69% de estudantes que lograron acceder ás Prácticas (IN22G). Estes son os datos da primeira experiencia (2018-19) e que irán tomando tendencia para análise de mellora e de consolidación a medida que poidamos ofrecer as Prácticas en cursos sucesivos, atendendo ás Instrucións de seguridade ante a COVID.

En definitiva, consideramos que esta iniciativa das Prácticas Académicas Externas (PAE) axudou á "actualización" do Título, na medida en que o Grao de Filosofía ampliou no curso 2018-19 a súa oferta de materias, pasando a incluír entre elas o Módulo de "Prácticas Externas" (6 créditos) como unha posibilidade que xa estaba recollida

na Memoria do Título.

En conclusión, constatamos que o Centro traballou moi activamente na "actualización" do Título, promovendo a incorporación ao mesmo, entre a oferta de materias, da Convocatoria de "Prácticas externas" como oportunidade que xa estaba recollida na Memoria do Título e que fixemos efectiva no curso 2018-19 por primeira vez na historia do Centro.
AM3 (Plan de Melloras Grao de Filosofía 2018-19)

(C) Medición, análise e mellora.

No que respecta a este apartado de "medición, análise e mellora", en referencia ao **PE-02 Revisión e mellora** e ao **PC-05 Análise de resultados**, queremos salientar que os traballos realizados polo Centro motivaron un incremento de participación de todos os grupos de interese nas diversas enquisas de satisfacción. A súa correspondente "análise de resultados", que pode consultarse de forma máis extensa nos respectivos Autoinformes de Grao e de Máster 2018-19 (*vid.* Anexos), evidencian que as nosas Titulacións obteñen un aceptable crecemento xeral en practicamente todos os indicadores referidos polo Sistema de Garantía de Calidade (SGC), sen prexuízo dos tres elementos que consideramos especialmente mellorables no caso do Grao a "taxa de abandono", a "taxa de graduación" e a "taxa de rendemento" (tal e como describiremos) e no caso do Máster cabería mellorar o índice de estudantado estranxeiro na positiva alza da taxa de matrícula.

De forma xeral, podemos considerar que os bos resultados nos principais indicadores de captación e de desenvolvemento débense fundamentalmente, tanto ao notable incremento de matrícula que obtiveron as nosas Titulacións, especialmente nestes últimos dous cursos, como á política de difusión de información feita polo Centro e destinada sobre todo aos nosos diferentes grupos de interese, tanto presentes como potenciais (descrita no penúltimo apartado desta "Memoria de Calidade").

Conforme os datos positivos que pasamos a describir neste apartado relativo á análise dos principais indicadores (Indicadores e Evidencias do SGIC referidas nos Autoinformes de Grao e Máster 2018-19), constatamos que os procesos e sistemas de Medición leváronse a cabo de forma eficaz, e atendendo á análise feita dos mesmos, evidenciamos un bo funcionamento do SGIC vixente no Centro, o que sen dúbida algunha redundará nun axeitado funcionamento do Centro e das súas Titulacións, e asimesmo permítenos indicar algúns elementos susceptibles de certo percorrido de mellora, como os sinalados no primeiro parágrafo. .

Especificamente, nesta Memoria, conforme aos indicadores de "medición" e a súa "análise", pasamos a referir algunhas das Taxas máis salientables do SGIC que están enmarcadas fundamentalmente en tres dimensións (e que, como dicimos, manifestan o correcto funcionamento da Facultade de Filosofía e das súas Titulacións):

1.-PS-01 Xestión de Recursos Humanos (PDI e PAS).

Neste capítulo, no Centro pasamos dunha situación de forte nivel deficitario provocado pola "taxa cero" de reposición das xubilacións acaecidas, cara unha leve e aínda tímida recuperación de efectivos. Así, no curso 2016-17 comezaron a introducirse algunhas medidas orientadas á reposición dalgunhas das prazas anteriormente perdidas por xubilacións. Se ben as competencias en materia de convocatoria de prazas son da correspondente Vicerreitoría e non exclusivamente imputables ao Centro, é certo que a Facultade logrou, dende o curso 2016-17, e especialmente nos cursos 2017-18 e 2018-19 comezar a revertir a devandita situación obtendo novas incorporacións de PDI en todas as Áreas de coñecemento do Centro, que no 2019-20 xa pasan a situarse no límite das áreas non deficitarias segundo os datos da Vicerreitoría de Profesorado, aínda que desde o Centro entendemos que existe unha certa marxe de reforzo das mesmas, especialmente da área de Filosofía.

Con esta paulatina, aínda que lenta, recuperación de efectivos docentes cabe destacar algúns datos da boa calidade que o Centro ten no que respecta ao seu PDI no curso 2018-19:

(i) a porcentaxe de persoal docente e investigador (PDI) con sexenios sobre PDI total (**IN24C**) é de 82,86% (80% no Grao e 85% no Máster) consolidándose na media da USC (82%) e crecendo significativamente desde o 62% rexistrado no 2014-15. Este dato evidencia a capacidade e calidade investigadora do noso PDI.

(ii) a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total (**IN25C**) é do 92,865% (89% do Grao e 95% do Máster), superando a media da USC situada no 83,65%. Este dato pon de manifesto que o noso PDI na súa inmensa maioría conta cos máis altos grados académicos.


(iii) a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (**IN26C**) é do 71,43%, (68% no Grao e 73% no Máster), moi superior á media da USC que é 56,28%.

(iv) a progresión dos porcentaxes de participación do profesorado nas Enquisas de Satisfacción coa Docencia impartida (**INF 14**) é do 52,88% neste curso 2018-19 o que denota unha tendencia estable nestes índices nos últimos catro anos, pero moi ascendente verbo dos índices anteriores (curso 2013-14 8,00% / curso 2014-15 37,5%). Destacamos o aumento considerable que experimentou esta cifra ao longo dos últimos cursos, que atribuímos á progresiva implantación da cultura de Calidade no Centro e o compromiso do profesorado coa mesma así como o recordatorio que desde o Centro facemos ao inicio e antes do peche das devanditas enquisas.

(v) Polo que se refire á "satisfacción do profesorado coa docencia impartida (**IN47G**), a cifra se sitúa concretamente no curso 2018-19 en 4,30 puntos (o máis alto dos últimos anos), que parece razoablemente boa. Consideramos que se non acadara porcentaxes máis altas é debido á sobrecarga de traballo do PDI con carácter previo a progresiva reposición de prazas. Neste sentido, cómpre facer o seguimento de que a media do número de alumnos/as tanto por grupo de expositiva 37 (**IN31G**) como de interactiva 27 (**IN32G**) non continúe a concentrarse para manter a ratio de estudantes por profesor por debaixo de 10 alumnos, sendo de 7,92 no presente curso 2018-19 (**IN30C**) e que non deixa de subir no último sexenio (dado o aumento de matrícula) para seguir asegurando a calidade dunha aprendizaxe razoablemente individualizada.

Satisfacción do profesorado coa docencia impartida (**IN47G**):

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total	4,09	3,69	3,96	3,74	4,00	4,30



(vi) O índice de participación do PDI, con docencia no Grao en Filosofía e no Máster en Filosofía, nos Plans de Formación (especialmente en actividades formativas desenvolvidas polo PFID), no curso 2018/19, é de 47,62% (crece verbo do curso anterior que estaba en 40,91%) e reflexa unha positiva tendencia á alza (**INF14**), que xunto co desenvolvemento doutras actividades extracurriculares non computadas neste dato nos permite considerar que dispoñemos de docentes comprometidos e implicados na súa actividade e na calidade do Centro:

	2013/14	2014/15	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19
Participación do PDI en Plans de Formación	4,00 %	39,13%	47,62%	30,43%	40,91%	47,62%

Correlativamente, o Centro segundo a **AM7 do Plan de Melloras de Centro 2018-19**, a pesar dos seus limitados recursos, se esforza por manter a convocatoria aberta dun modesto apoio económico para as iniciativas de reunións científicas organizadas polo PDI do Centro co propósito de difundir as nosas Titulacións e á súa vez o seu traballo investigador.

Se atendemos á medición e análise destas taxas referidas ao PDI podemos salientar as seguintes conclusións:

- a) En canto á progresión das porcentaxes de participación do profesorado nas Enquisas de Satisfacción coa Docencia impartida (INF14) vai dende un 8,00% (2013-14) ata un 53% (2018-19). Polo que arroxa un aumento ao longo dos cursos moi considerable, que atribuímos á progresiva implantación da cultura de calidade no Centro e ao compromiso do profesorado coa mesma.
- b) Polo que se refire á satisfacción do profesorado coa docencia impartida, a cifra oscila no último quinquenio en torno a un salientable 4 sobre 5.
- c) O índice de participación do PDI, con docencia no Grao en Filosofía, nas actividades formativas desenvolvidas polo PFID, **no curso 2018-19** é do 47,62%, en liña ascendente, o que, xunto co desenvolvemento doutras actividades extracurriculares non computadas neste dato, permítenos considerar que dispoñemos de PDI implicado na súa actividade e na calidade do Centro.
- d) Os índices de "sexenios", "grado de doutoramento" ou "condición de funcionario", todos por encima do 70% manifestan unha moi boa preparación do PDI do Centro.

No que refire á medición e análise de RR.HH no sector do PAS, o Centro mantén no **curso 2018-19** unha axeitada proporcionalidade entre as súas dimensións e o número de Persoal Administrativo e de Servizos. Xa o Informe de Avaliación para a Renovación da Acreditación (curso 2015-16) valoraba entre os principais puntos fortes do Centro que o PAS é "*adecuado a las características y al número de titulaciones*". En consecuencia, dada a valoración positiva, durante o curso 2016-17, 2017-18 e 2018-19 non se produciron nin se motivaron cambios na plantel do PAS do Centro dado que tampouco se aumentou o número de titulacións que se imparten no mesmo. Consideramos, de acordo coa valoración obtida no devandito Informe, que certamente as dimensións físicas e o número de títulos da Facultade de Filosofía resulta axeitado ao número e composición de persoas que a integran. Ademais, debemos subliñar que se trata dun cadro de persoal dende o curso 2016-17 estable, o que contribúe a existencia dun persoal cualificado e eficiente con experiencia contrastada na xestión da titulación. O persoal de administración do centro contribúe notablemente á calidade dos servizos que dende a Facultade se aseguran en relación co Grao de Filosofía e co Máster en Filosofía, tanto para PDI, como para estudantes e mesmo persoas interesadas na oferta de actividades que se organizan en relación con este título.


Convén valorar positivamente a mostra de interese do PAS pola mellora da súa formación, participando activamente en cursos, non só organizados pola USC, senón tamén por organismos externos, mencionando especialmente a participación en cursos organizados pola Escola Galega de Administración Pública, dependente da Xunta de Galicia. Proba desta implicación do PAS na formación é que a participación en plans de formación (propia da USC) incrementouse notablemente nos últimos anos (segundo se recolle na táboa de indicadores **16** e **17**) pasando dun 20% no curso 2016/17 a un 60% no curso 2018/19, e poñéndose así de manifesto o compromiso do PAS coa xestión do SGIC do Centro.

Tamén cómpre destacar como un índice do compromiso do PAS coa xestión do SGIC do Centro, e de xeito singular cos procesos de medición da satisfacción, a "taxa de resposta á enquisa de satisfacción" (**INF21**) que acadou un 100% **no 2018-19**, moi por encima da media global da USC e por encima do 71,4% do curso 2017-18. Da información que se pode derivar do informe resultante da antedita enquisa (**INF21**) cabe mencionar que o PAS en termos xerais valora de forma positiva as características do seu posto de traballo, non baixando nos dous últimos cursos ningún ítem do 3 (sobre un máximo de 5) e destacando de forma moi positiva **no 2018-19** aspectos relacionados coa definición das súas funcións e responsabilidades (4,60), o reparto da carga de traballo (4,40), a facilidade para expresar as súas opinións (4,20), o traballo en equipo (4,40), a participación do persoal na toma de decisións do responsable (4,60), os recursos (4,40) e infraestruturas (4,40) cos que contan.

Como evidencia final da implicación do PAS no título cabe referenciar os datos recollidos no panel de indicadores (**4315923 P. Ind.**) da "satisfacción do PAS co traballo desenvolvido" (**IN49C**) que nos últimos anos marca unha clara tendencia á alza ata situarse en 4,03 no **2018-19**, con porcentaxes superiores á media da USC.

Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido (**IN49C**):

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total	3,50	1,00	3,61	4,15	4,03



En conclusión, atendendo á medición das Taxas referidas, podemos constatar que tanto o PDI como o PAS, evidencian altos índices de "satisfacción" e de "implicación" co funcionamento do Centro e das Titulacións.

2.- PS-02 Xestión de Recursos materiais e Servizos.

Neste capítulo evidenciamos unha constante mellora das dotacións do Centro, a pesar dos limitados orzamentos dun Centro relativamente pequeno como é o noso a Facultade fai un importante esforzo económico por manter actualizadas as nosas modernas instalacións froito da integral reforma do edificio da Praza de Mazarelos onde actualmente está situada a Facultade de Filosofía.

No relativo aos Recursos Materiais:

En termos xerais, entendemos que o Centro conta cos recursos materias, infraestruturas, instalacións e servizos, suficientes, necesarios e axeitados para o correcto desenvolvemento das nosas Titulacións segundo as previsións da Memoria Verificada. Así, no Informe da Avaliación para a Renovación do Grao, sinaláronse como un dos puntos fortes do Centro "os recursos materiais, infraestruturas e servizos", salientando "os recursos bibliográficos", así como tamén "o apoio e atención que se presta a estudantes con diversidade funcional", sendo todos estes aspectos que seguen a ser obxecto de actuación: a AM-01 Plan de Melloras do Centro 2018-19 fai polo miúdo un exhaustivo e longo inventario de adquisicións de equipo tecnolóxico para o Centro; a AM-02 Plan de Melloras do Centro 2018-19 regula e se executa unha optimización na distribución de espazos do PDI; a AM-03 Plan de Melloras do Centro 2018-19, facendo explícito o "compromiso do Centro coa sustentabilidade", procede á identificación de deterioros no mesmo e a súa reparación e optimización, cunha clara conciencia da necesidade de mantemento que precisan as nosas recentes instalacións).

O Centro ven traballando, a pesar do seu limitado orzamento, cada ano en melloras referidas a eses tres eixos sinalados no "Informe da Avaliación para a Renovación do Grao":

- (i) Atención activa a estudantes e usuarios do Centro con diversidade funcional. No curso 2019-20, en liña con Accións anteriores, temos tramitada a instalación dunha varanda que facilite a subida e baixada da rampla de acceso á tarima do Salón de Actos así como tamén está tramitada a substitución da cancela da saída de

emergencia, non só para adaptala ao vixente plan de Riscos Laborais, senón tamén aos usuarios con diversidade funcional.

- (ii) Colaboración co Persoal da Biblioteca nas propostas de adquisición de recursos bibliográficos. Cómpre lembrar a realización do "Boletín de novidades bibliográficas" que se traslada á Biblioteca, como unha costume asentada no Centro de longa tradición coordinada polo Prof. Martín González e a participación de estudantes bolseiros de Colaboración.
- (iii) Compromiso de mantemento, actualización e adquisición de material tecnolóxico e informático para o Centro e o seu uso por parte do Persoal (PDI, PAS e Estudantado) co propósito de que o desenvolvemento das titulacións dispoña dos necesarios "recursos materiais e servizos".

Consideramos que o desenvolvemento destes tres aspectos non é doado para un Centro de grandes dimensións físicas (pois ocupamos case en exclusiva todo o histórico edificio da Praza de Mazarelos), pero que conta cun orzamento máis ben modesto. Entre o conxuntos de Accións levadas a cabo en relación, ben específica ou ben conxunta, aos tres eixos anteriormente indicados verbo dos lugares do edificio podemos sinalar as seguintes:

1.- No edificio contamos con espazos destinados ás necesidades do mantemento do propio edificio, con espazos para o estudantado, espazos para o PAS, e por suposto con espazos para o PDI (despachos individuais e compartidos) e con espazos para o desenvolvemento da actividade de xestión, docente e investigadora. Para isto, o edificio conta con 5 aulas de capacidade media de 75 persoas cada unha e con 6 seminarios cunha capacidade cada un de 20 persoas para actividades docentes e extracurriculares con grupos máis reducidos e cunha mobilidade de mesas que favorece a participación e cooperación entre os estudantes. Nesta liña contamos tamén coa "Sala Hipatia" destinada a usos múltiples, con mobiliario móbil e capacidade para 38 persoas, dotada tamén como as anteriores de ordenador, taboleiro, canón de imaxe, pantalla e monitor, usualmente utilizada para a defensa dos TFG e TFM. Todos estes espazos recibiron unha mellora da interconectividade WIFI, recentemente revisado e incrementado. Tanto as aulas como os seminarios están dotados de medios tecnolóxicos como pantallas de proxección, canóns de imaxe, ordenador, monitor, altofalante, taboleiro (mesmo dixital na aula 4; esta aula que é a máis grande do edificio recibiu tamén unha mellora da súa conectividade eléctrica para facilitar no estudantado o uso dos seus ordenadores). Esta multiplicación da conectividade eléctrica foi no curso 2018-19 levada a cabo en todas as aulas e no curso 2019-20 está sendo tramitada tamén para a totalidade dos seminarios. Tanto as melloras nos espazos como na súa dotación tecnolóxica e informática é obxecto, por parte da equipa decanal, dunha periódica revisión e, cando procede, renovación, tendo moi presente neste sentido a política do Centro coa sustentabilidade. Pode comprobarse de xeito detallado e exhaustivo o inventario de todas estas actuacións realizadas e programadas tomando as AM1, AM3 e AM5 do Plan de Melloras do Centro 2017-18 que foron completadas, aumentadas e reforzadas nas **AM1, AM2 y AM3 do Plan de Melloras do Centro 2018-19** e que cobran continuidade nas AM1, AM2, AM3 e AM4 do Plan de Melloras do Centro 2019-20. Esta secuencia ponde manifesto a permanente e continua ocupación dos responsables do Centro co mantemento das súas infraestruturas e dotacións tecnolóxicas. Especificamente, **no curso 2018-19** leváronse a cabo as seguintes actuacións:

(A) **AM1 do Plan de Melloras do Centro 2018-19** promoveu unha dotación e mellora de equipamento tecnolóxico do Centro (2 proxectores para aula e seminario, 4 monitores para seminarios e Sala de Xuntas, 1 pc portátil para uso colectivo do PDI, 2 micrófonos e ampliación do sistema de són para salón de actos, 2 teclados, 2 ratos pc, 6 discos SSD, 1 escáner e 2 impresoras).

(B) **AM2 do Plan de Melloras do Centro 2018-19** procedeu a redistribución dalgúns espazos do edificio, procedendo á asignación de despacho ao novo PDI contratado, a reubicación de Profesores que así o solicitaron e a asignación de novo espazo para a Revista Ágora e Profesores visitantes.

(C) **AM3 do Plan de Melloras do Centro 2018-19** executou a mellora da iluminación LED nos espazos colectivos (Biblioteca e vestíbulo da Facultade), restitución da pintura (nos despachos 328,329), reparación de danos no chan (despacho 328), adquisición de 20 cadeiras auxiliares para as aulas que teñen mobiliario fixo ao chan, adquisición de 2 cabaletes, un *plotter*, 5 lámpadas de mesa, e actualización da rotulación dos novos espazos e das caixas de correo.

No curso 2019-20, estas Accións anteriormente sinaladas atopan continuidade: (i) a AM1 PM 2019-20 continúa

coa mellora do equipamento informático e tecnolóxico do Centro (2 proxectores, 1 escáner de uso colectivo, 1 pc portátil de uso colectivo, 1 pantalla de proxección de funcionamento automático, 1 impresora de cor, 7 mandos de powerpoint, 2 pantallas repetidoras, 2 SSD, 3 conmutadores, 2 teclados, 1 pantalla, 1 impresora, 1 CPU. (ii) a AM2 PM 2019-20 continúa coa mellora dos espazos do Centro: restitución da pintura (despachos 205, 212-214, 329), restitución de danos no chan (despacho 312), preparación para a instalación de tomas eléctricas múltiples en seminarios, instalación de iluminación LED na escaleira Central dos 4 andares, do despacho de Persoal de Biblioteca e na Conserxería, preparación para a instalación de varanda na rampla do salón de actos. Así como tamén temos promovido o coidado dos espazos de xardíns do Centro e substituído o desaugadoiro da fachada, entre outras execucións.

Esta secuencia de actuacións é proba da permanente atención de mellora e compromiso do Centro con este concepto de “recursos materiais e servizos”, comprometendo cada curso unha inversión orzamentaria significativa (AM-06 2018-19).

2. Contamos tamén, no andar principal, cun Salón de Actos, con capacidade para 160 persoas, dotado de rede, de butacas con táboa, de ordenador, canón de imaxe, macro-pantalla de proxección, atril, micrófono inalámbrico e recentemente ampliamos o número de altosfalantes a tres coa correspondente mellora do sistema de audio. Cómpre destacar que no curso 2017-18, como consecuencia do compromiso do Centro cos usuarios con diversidade funcional, instalouse unha rampla de acceso ao estrado (AM1 Plan de Melloras do Centro 2017-18). No curso 2018-19 dotamos a mesa presidencial de pequenas pantallas repetidoras da imaxe proxectada na pantalla principal. No curso 2019-20 está tramitada a varanda da rampla de acceso ao estrado así como do equipamento informático necesario e micrófonos sen fíos (micros de orella) para optimizar o uso de ese espazo para fins de reunións de xestión e actividades docentes se as condicións de distanciamento derivadas do COVID así o requiren.

3.- O Centro conta tamén cunha Sala de Xuntas, onde se celebran as reunións dos órganos de xestión da Facultade entre outras actividades como as defensas das teses de doutoramento, con capacidade para 24 persoas e evidentemente con disposición de acceso a rede, canón de imaxe, pantalla, monitor, ordenador, e mesmo sistema de videoconferencia que, entre outras cousas, facilita moito a asistencia ás reunións do persoal con docencia noutros campus e como corresponde ao compromiso de mellora asumido polo noso Centro, facilita a redución dos tempos de reunión optimizando os mecanismos de conciliación laboral, nun PDI xa bastante cargado de tarefas de xestión académica. No curso 2019-20 foi tramitada (pendente de reparación) o selado da ventá para reforzar o seu illamento e se procedeu a adquisición de cámara web e sistema de son para a realización das reunións telemáticas entre os docentes así como as defensas de TFG e TFM derivadas da non presencialidade motivada pola COVID.

4.- O edificio conta asimesmo con dous Locais de estudantes, con capacidade para 14 persoas cada un, con conexión á rede, ordenador, taboleiro e mesas, onde o estudantado exerce as súas reunións e actividades de representación. Trátase tamén dun espazo de traballo auxiliar ao da Biblioteca no cal non é obrigado o silencio polo que favorece a preparación de materiais en grupo, debates, etc. No curso 2019-20 reservamos unha mesa, tres cadeiras e un vídeo-proxector para destinar ao Local de estudantes, e ampliar así a súa funcionalidade. Cómpre sinalar, ademais, que o “Local de estudantes” foi recentemente intercambiado, a solicitude do propio alumnado, co outro espazo social tamén de uso do estudantado, dado o seu intenso e extensivo uso).

5.- Un dos espazos máis destacables e dende logo valorados do Centro é a Biblioteca, polo súa fundamental importancia no apoio á docencia, estudo e investigación. Dispoñemos de 90 postos de estudio (no centro mesmo da cidade) e dunha colección bibliográfica, en acceso aberto, de máis de 41.000 volumes xunto aos máis de 600 títulos de Revistas e case medio centenar de revistas electrónicas, especificamente filosóficas. Segundo o indicador EA5 estes números nos sitúan moi por encima en relación con outras titulacións que contan con maior número de alumnado. Ademais, e resultando este outro aspecto especialmente útil para a condición de aprendizaxe e investigación, a Biblioteca conta cun Persoal de alta competencia e comprometido coa constante mellora de ese espazo: debemos ter en conta a permanente mellora das ferramentas que dan acceso aos contidos das coleccións e a promoción de cursos de formación en ferramentas bibliográficas así como a constante asistencia documental que prestan ao noso estudantado e PDI.

No relativo aos Servizos:

Máis alá destas Melloras nos “recursos Materiais” do Centro que vimos de sinalar e pasando xa ao que toca aos

"servizos de orientación académica" e de "atención ao estudante", o Centro veu traballando, no período 2016-19, en catro grupos:

1.- O "Plan de Acción Titorial" (xa explicado no primeiro apartado desta Memoria) incidindo especialmente no "Programa de acollida aos novos estudantes e acción titorial", mediante o (i) "Programa de alumnos tutores" enmarcado no Programa A Ponte co que o noso Centro traballa moi activamente a través do seu Coordinador na Facultade para facilitar a incorporación do alumnado de primeiro curso (no curso 2019-20 o Centro incrementou a súa presenza na web do Programa A Ponte); e (ii) "as titorías personalizadas" que procede a asignar un docente titor a cada novo estudante do que pode solicitar asesoramento ao longo do seu proceso formativo, reforzando así as vías de comunicación entre alumnado e profesorado. No curso 2019-20, a proposta do Coordinador de Grao, abordamos un reforzo deste capítulo de "titorías personalizadas" polo que se notifica por correo electrónico a cada alumno/a non só o nome do seu titor, senón tamén as funcións deste tipos de titorías e unha proposta de cita para entrevista co mesmo no primeiro semestre do curso de ingreso coa fin de reforzar a comunicación entre o PDI e o estudantado xa desde o inicio dos seus estudos (AM5. Plan de Melloras de Grao 2019-20).

2.- O "Plan de Coordinación" (detallado no primeiro apartado desta "Memoria") tanto horizontal como vertical, a través do reforzo da "coordinación de cursos" (AM.03 2017-18) orientado, como xa explicamos, a detectar e corrixir deficiencias mediante reunións periódicas entre coordinadores, docentes e representantes do alumnado de cada curso, que como xa indicamos, a proposta do Coordinador de Grao, teñen (desde o curso 2019-20) unha modalidade virtual.

3.- O "Plan de comunicación" (AM.01 2017-18) (detallado nos criterios 2 e 3 do Informe de seguemento do Grao) que conseguiu implantarse como norma habitual do Centro proporcionando durante estes últimos tres anos unha permanente mellora no volume, facilidade de acceso e transparencia da información e documentación do Grao publicada na web do Centro. Esta práctica é moi ben valorada polos distintos sectores implicados do Centro (PAS, PDI, Estudantado e Egresados) con índices sempre superiores ao 3,20. Ademais, **no curso 2018-19**, con ocasión da **AM1 Plan de Melloras do Grao 2018-19** procedeu a ampliación de material informativo do Grao para a súa inclusión na web do centro que se continuou na **AM6 Plan de Mellora do Centro 2019-20** que incrementou a súa presenza na web de A Ponte. Ademais, vimos comprometendo un esforzo orzamentario especificamente dedicado a fomentar o desenvolvemento de "actividades transversais" (AM-07. 2017-18) que redunden na visibilidade social do noso Título, como foi o Cine-forum, o Ciclo de cine, as Conferencias periódicas sobre temas de actualidade, o ciclo de Filosofía Xoven, ou a Olimpíada Filosófica, para favorecer a "comunicación externa" e "interna" do Centro para a que propoñemos a **AM4 do Plan de Melloras do Centro 2018-19** que consistiu na creación dun Boletín informativo sobre as novidades do Centro ("Acontece") que leva xa cinco números publicado na páxina web.

4.- O "Plan de mobilidade" para o estudantado (AM.05 2017-18), a través da incorporación dun protocolo que regula os procedementos de xestión do Centro nese asunto. Conforme a **AM4 do Plan de Melloras de Grao 2018-19** a Responsable de Mobilidade do Centro pasou a incluír neste "Protocolo de mobilidade saínte" (no Bloque da terceira reunión) nova información relativa ás dificultades máis comúns do alumnado que retorna dos Programas de mobilidade.

A constante mellora destes 4 Plans de Servizos estratéxicos para o Centro encontra unha boa resposta nos indicadores que reflexan o Grao de Satisfacción dos distintos grupos de interese da titulación: PDI (4,30), Estudantes (3,73) e Egresados (3,23) (**IN33G**).


En conclusión, cómpre ter presente o compromiso de mellora do Centro no capítulo de Recursos Materiais e Servizos tamén no curso 2018-19: **AM-01 Plan de Melloras do Centro 2018-19**, onde se detalla un exhaustivo e longo inventario de adquisicións de equipo tecnolóxico para o Centro, ou a **AM-02 Plan de Melloras do Centro 2018-19** pola que se regula e se executa unha optimización na distribución de espazos do PDI, e especialmente a **AM-03 Plan de Melloras do Centro 2018-19** na que facendo explícito o "compromiso do Centro coa sustentabilidade" procédese a identificación de deterioros no mesmo e a súa reparación e optimización, cunha clara conciencia da necesidade de mantemento que precisan as nosas recentes instalacións. Todas elas, no seu conxunto, constitúen unha liña estratéxica de melloras para o Centro, que entendemos conta cos recursos materiais, infraestruturas, instalacións e servizos, suficientes, necesarios e axeitados para o desenvolvemento das nosas Titulacións.

3.- PS-04 Satisfacción, análise, expectativas e necesidades.

En termos xerais, entendemos que o perfil formativo dos títulos do Centro de Filosofía (USC) manteñen a súa relevancia e carácter actual de acordo cos requisitos que regulan o seu ámbito académico-científico e o seu ámbito profesional. Tendo en conta a "medición" das taxas e indicadores manexados nos Informes de seguemento tanto de Grao como de Máster 2018-19 podemos constatar neste curso unha xeral satisfacción do alumnado, do PDI, do PAS e dos Egresados que en todos os casos crece verbo dos anos anteriores. Consideramos que esta condición satisfactoria dos nosos diferentes grupos de interese soporta obxectivamente á crecente "taxa de matrícula" das nosas Titulacións, tanto no Grao como no Máster. Malia o contexto de crise que as materias de Filosofía -sometidas a unha redución- están a sufrir no Ensino Secundario, a relevancia e actualidade do título de Grao en Filosofía ponse de manifesto na tendencia crecente de matrícula que se ven producindo durante os últimos anos: pasamos de 39 estudantes no curso 2014-15 ata 70 no curso **2018-19** polo que se evidencia un aumento moi significativo do 32,73% (IN05G) de matrícula no Grao que durante o último quinquenio acumula un crecemento do 71,34%. De feito, o incremento de matrícula obtido no Grao no curso 2017-18 e mantido no curso 2018-19 supuxo esgotar en "Matrícula de acceso" (IN03G) o número de prazas ofertadas polo título, situando a nosa "Taxa de ocupación" en 107% (IN12G).

GRAO. Evolución ascendente de número de estudantes matriculados en primeiro curso (IN04G):

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total	39,00	39,00	51,00	55,00	73,00	70,00



No caso do Máster, o aumento de matrícula tamén foi moi significativo, xa que se duplicou desde o 2016-17. Se fai tres ano contabamos con 7 alumnos/as, no curso 2018-19 contamos con 15, aproximándonos xa ás 20 prazas ofertadas:


MÁSTER. Taxa de Matrícula (IN02C):

	2016-17	2017-18	2018-19
Máster Universitario en Filosofía: Coñecemento e Cidadanía	7,00	15,00	15,00

Facendo unha sumaria "análise" desta "Taxa de Matriculación" de Grao e de Máster (recollida máis polo miúdo nos correspondentes Autoinformes de Grao e de Máster 2018-19) podemos constatar que no conxunto da Matrícula do presente curso 2018-19 (segundo o Informe 2500758_INF.CIUG_2018-2019) o 96% da mesma corresponde co alumnado que situou este Grao como primeira preferencia, situando a nota media de acceso por preinscripción en 8,66 puntos (sobre 14), que sube máis de punto e medio verbo dos anos anteriores (IN06G) o que implica o ingreso de alumnado cada ano máis formado:

Relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas (IN10G):

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total (%)	52,31	52,31	60,00	61,54	90,77	96,92



Nota media de acceso por preinscripción (IN06G):

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total	7,24	7,42	6,94	7,15	8,43	8,66

Baseándonos no "Informe de procedencia xeográfica" da Matrícula recibida (Inf. 16) o Grao de Filosofía da USC, como único Grao de Filosofía do SUG, cumpre o necesario servizo institucional e académico de atender á demanda de matrícula en Filosofía formalizada por unha inmensa maioría de estudantes da Comunidade Autónoma de Galicia que optaron por esta opción formativa: ao redor do 97% do total dos nosos matriculados e matriculadas provén de Galicia, mais é salientable reparar que no **curso 2018-19** subiu o número de estudantes do resto do territorio español, pasando do 2,22 % (2016-17) a 2,97% (2018-19) (IN09G). Así, se no 2015-16 contabamos con 3 estudantes de fora de Galicia, no 2018-19 contamos con 7 (polo que duplicamos o rexistro no último trienio). Estes números, aínda que mellorables, se sitúan por encima da media dos últimos anos do noso Centro (media do último sexenio: 2,26%). A porcentaxe de estudantes estranxeiros do presente curso 2018-19 (1,84%) se mantén verbo do anterior (1,98) e crece en referencia ao curso 2016/17 que era de 1,11% (IN08G). Constatamos que estes números, aínda que mellorables, supoñen a mellor porcentaxe dos últimos anos (media 2012-2015: 1,68%).

Neste sentido, os *indicadores de captación e demanda* marcan unha clara tendencia á alza que culmina cunha "taxa de ocupación" total do Centro do 97,6% (IN12C) e mesmo superior ao 100% no caso do Grao (IN12G). As principais razóns que creemos que poden ser posibles causas deste éxito de Matrícula, tanto de Grao como de Máster, foron descritas no criterio 1 dos correspondentes Autoinformes de Seguemento 2018-19, así como tratadas na primeira parte desta "Memoria de Calidade 2018-19". Fundamentalmente, podemos considerar que estas son debidas a cinco eixos sobre os que se desenvolve o noso Plan de Melloras e que participan positivamente nos axeitados resultados de aprendizaxe:

- (i) Un axeitado desenvolvemento do SGIC (Vid. Criterio 3 do Autoinforme e Conclusións da presente Memoria de Calidade).
- (ii) O desenvolvemento do Plan de Coordinación (vid. Criterio 1 de Autoinforme de Seguemento).
- (iii) O reforzo da Acción Titorial (vid. Criterio 1 de Autoinforme de Seguemento)
- (iv) A difusión, información e proxección tanto impresa como en web e participación en diversas Xornadas de orientación laboral e presentación de Titulacións. (Vid. Criterio 2 de Autoinforme de Seguemento).

- (v) O reforzo da condición transversal e interdisciplinar das nosas titulacións xunto coa implementación da súa oferta de prácticas.

Agora ben, se os *índices de captación e demanda* son moi bos, os *índices de rendemento e indicadores de resultados* son tamén, en xeral, razoablemente satisfactorios, pero coidamos que en concreto bastante mellorables no que toca (no caso do Grao) á "taxa de rendemento" e a correlativa "taxa de abandono" (como sinalaremos a continuación). Con todo, no capítulo de resultados de aprendizaxe entendemos que imos na dirección axeitada se temos en conta os datos estatísticos que refiren ás diversas taxas máis relevantes das titulacións neste ámbito: a alta "taxa de éxito" e o importante "grao de satisfacción" dos principais grupos de interese do Centro e das Titulacións, son claras manifestacións do axeitado desenvolvemento dos Títulos.

Así, malia estes elementos positivos (Matrícula, taxa de éxito, índices de satisfacción, indicadores de Recursos Humanos e Materiais, taxa de idoneidade, taxa de eficiencia, etc) e dos esforzos sinalados en esta Memoria de Calidade, cómpre reparar tamén -nun exercicio de necesaria autocrítica- en dous datos que resultan menos satisfactorios para o noso título sobre os que cabe propoñer algunha próxima Acción de Mellora no Plan de Melloras do seguinte curso, que son (i) a taxa de rendemento e a (ii) a taxa de abandono.

- (i) A "taxa de rendemento": Entendemos que cabe recorrido de mellora na "taxa de rendemento" (**IN34G**) que no curso 2018-19 é do 67,76% manténdose na media do último sexenio (67,15%) pero lixeiramente por debaixo da media da rama de Humanidades do último sexenio (73,5%). Cómpre sinalar que nesta taxa inflúe moi negativamente a elevada "taxa de abandono de primeiro curso" (**IN40G**), xa que a taxa de rendemento de primeiro curso é de 57%, considerablemente menor ás taxas de rendemento do resto de cursos situados nunha media de 73,67%. Aínda con todo e tentando corrixir o desvío motivado polo primeiro curso, cómpre incorporar algunha medida de mellora que tenda a reducir os "non presentados" nos procesos de avaliación, xa que neste sentido a "taxa de avaliación" (**IN36G**) se sitúa nun aceptable nivel do 77,01% e a "taxa de éxito" (**IN35G**) nun 87,99% significando que cando o alumnado se presenta á avaliación tende moi maioritariamente a superar a materia (tal e como ademais pode comprobarse no Informe de cualificacións das materias do plan de estudos (**INF15** e **INF17**) onde non constatamos desviacións alarmantes neste sentido.

Con todo, a "taxa de rendemento" (**IN34CG**, relación entre o número dos créditos superados e o número total de créditos matriculados) confirma unha leve alza verbo do curso anterior e se consolida nunha tendencia plana que se estabiliza na media do 67% do último sexenio (e no 80% no Máster **IN34CM**). Aínda que mellorable (tal e como temos analizado no criterio 1 do "Informe de seguemento") entendemos que as Accións de mellora levadas a cabo van provocando unha -aínda que leve- tendencia de crecemento que debe de seguir consolidándose. En consecuencia, a pesares de ter unha boa "taxa de éxito" (88%), cómpre mellorar a "Taxa de rendemento" (**IN34G**) 67,7% e correlativamente xa melloraría de forma simultánea a correspondente "taxa de abandono" (**IN41G**) situada no 43%. Unha das materias con maior número de "non presentados" por convocatoria é polas súas características o TFG e por iso no ano 2018-19 seguimos coa enquisa propia do Centro sobre o TFG, que tivo un índice de participación bastante razoable e da que o Centro recibiu a suxestión maioritaria do alumnado tendente a mellorar a avaliación e rendemento no TFG a través da asignación dunha porcentaxe no proceso de avaliación ao informe emitido polo titor do TFG (AM4 Plan de Melloras de Grao 2019-20) ou a ampliación de prazo para a elección das liñas temáticas (**AM5 do Plan de Melloras 2018-19**).

En definitiva, entendemos que esta baixa "taxa de rendemento" (producida en certas materias) pode deberse máis ao rendemento do alumnado neste pasado curso que a un cambio relevante nos métodos de ensino, os contidos dos programas, os sistemas de avaliación ou o profesorado das materias, debido a que estes apenas variaron en relación con outros anos. Consideramos que o leve ascenso no número de non presentados (especialmente en primeiro curso e no TFG) é un tema puntual, pero do que debe facerse un seguimento co obxectivo de detectar posibles problemas, detectar as causas posibles deste índice e propoñer algunha Acción de Mellora específica que tenda a reduci-lo se a tendencia persiste no tempo.


Taxa de rendemento (IN34G):

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
1º curso	60,20	50,38	50,68	55,66	55,53	57,74
2º curso	66,25	77,92	70,00	75,06	78,96	73,03
3º curso	73,81	71,71	77,49	85,14	67,25	81,27
4º curso	85,44	76,65	74,69	77,68	74,80	67,44
Sen asignación a curso	42,11	77,78	73,33	92,41	76,00	100,00
Total (%)	68,60	66,94	64,86	69,22	65,55	67,76
Media Área de Artes e Humanidades	74,20	71,67	73,05	74,10	73,69	74,73
Media USC	77,33	76,57	76,79	78,31	78,48	79,49

- (ii) A "taxa de abandono" (IN41G), situada neste curso 2028-29 no 43% (no caso do Grao) que se reduce ao 34% para o conxunto de titulacións do Centro, segue a ser no último sexenio considerablemente alta (aínda que no conxunto das Facultades de Filosofía de España a media de abandono oscila tamén no 30%). A "taxa de abandono no primeiro curso" (IN40G) xa é de 31,37% (25,7 de media no último sexenio) polo que constatamos que é o momento no que máis abandonos se producen e aínda que estas taxas non son das máis altas destes últimos anos, estes datos deben de ser susceptibles de atención de mellora por parte do Centro. Especialmente, o equipo formado polo Responsable de Calidade, o Coordinador de título de Grao e os coordinadores de curso, debe continuar a explorar as causas principais deste indicador en sucesivos informes de coordinación e da comisión de calidade. Os informes dos coordinadores de curso serán neste punto de gran utilidade. Historicamente existe un elevado índice de abandono da titulación que manifesta unha media do 48,29% no último sexenio, situada nunha tendencia lateral conforme a media interanual que consolida uns mellorables rexistros fronte á media da USC e da Área de Artes e Humanidades.

Taxa de abandono (IN41G):

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total (%)	41,46	55,70	64,71	50,00	34,29	43,59
Media Área de Artes e Humanidades	29,30	36,54	32,21	29,20	29,56	30,81
Media USC	24,82	26,15	23,19	22,72	22,70	22,10



Con todo, aínda que alta, esta taxa de abandono está na nosa opinión moi vinculada á debida mellora da taxa de rendemento e especialmente moi relacionada co ininterrompido ascenso de matrícula que felizmente está a ter o título. Neste sentido, o actual índice de abandono atópase mesmo por abaixo dos rexistros marcados durante o trienio 2014-17 (56,80% de media). Somos conscientes de que nos atopamos ante unha referencia que, aínda que é historicamente baixa, non podemos entender como positiva e en consecuencia o Centro deseñou algunhas Accións de Mellora que directa ou indirectamente tentan corrixir estas tendencias vinculadas da "taxa de abandono" e "taxa de rendemento", especialmente a través do traballo de análise das estatísticas de avaliación de cada materia así como o correcto funcionamento metodolóxico das mesmas, levado a cabo no seo do programa de coordinación de cursos, que resultan motivo de informes elaborados polo Coordinador de Grao. Na AM3 (Plan de Melloras de Grao 2017-18) ofertáronse dous cursos formativos cos que intentamos axudar a paliar esa taxa de abandono e manifestar a nosa iniciativa por reforzar, especialmente entre o alumnado de primeiro curso, as competencias de lectura e escritura de textos complexos, convencidos de que unha diminución da "taxa de abandono" pasaría previamente por unha mellora da "taxa de rendemento", ao menos en primeiro e cuarto curso, xa que constátase que as baixas taxas de rendemento nas materias adoitan vir relacionadas cunha alta proporción de "non presentados". Así, promovéronse os cursos de "Competencias en información na contorna dixital" e o de "Técnicas de perfeccionamento da comprensión textual e expresión escrita" coa fin de achegar ao alumnado recursos complementarios que favorecesen a súa aprendizaxe e reforzasen a adquisición de competencias propias da nosa titulación. Actualmente, no curso 2018-19 comprobamos que a boa dirección desta iniciativa (centrada fundamentalmente no alumnado de primeiro curso) debe de ser complementada para obter unha maior incidencia directa nos índices de abandono. Nesta liña, no curso 2018-19 o Centro articulou prazos mais amplos para a elección de liñas temáticas nos TFG (actuando noutro elemento que presenta unha baixa taxa de rendemento do 38,24%) de xeito que axustando o calendario facilitásemos a redución do abandono motivado por esta materia (**AM 5. 2018-19**) como consecuencia da súa taxa de rendemento e dilación temporal por parte do alumnado. Ademais, no curso 2019-20 o Centro segue a traballar na mellora deste capítulo e propón dúas accións de mellora neste sentido: a AM4 (2019-20) que tenta "reducir a duración media dos estudos" (situada en cinco anos) incorporando a posibilidade dunha avaliación do TFG algo máis centrada no informe do titor; e a AM3 (2019-20) pola que se aprobou un "protocolo de prelación na coincidencia de avaliación" (xa implantada no curso 2018-19) de xeito que puideran priorizar o acceso á avaliación das materias de Formación Básica para que o alumnado non vaia acumulando materias e xerando incompatibilidades de asistencia ás clases que redunda no abandono do título. O resultado destas Accións será revisado e obxecto de seguimento, e o Centro proporá novas medidas se a taxa segue a manterse neses niveis. Aínda así, e sen relativizar a importancia deste índice de abandono, entendemos que a devandita taxa, non só pode ser debida á actividade do Centro, tendo en conta ademais que se produce nun breve lapso de tempo e de permanencia do alumnado na Facultade (primeiro curso), canto tamén a factores propios e moi diversos do noso "potencial alumnado".

Neste sentido, cómpre reparar que en moitos casos (entre o 10% e o 20%), o Grao de Filosofía non é a primeira opción do futuro alumnado (**IN10G**) o que supón a presenza no primeiro curso dun índice relativamente alto de expedientes académicos medios que oscila próximo a seis puntos (**IN07G**). Tamén debemos ter en conta que a taxa de abandono non informa acerca da súa etioloxía, acerca das porcentaxes de cantos abandonos veñen motivados (i) por un simple cambio de titulación (que podería de facto ser unha opción anterior na prioridade do alumno/a á opción de Filosofía), (ii) por un aprazamento da opción de Grao en Filosofía ao que o estudante volve anos despois na busca dun segundo título complementario a súa profesión principal (tal e como se induce na AM7. Plan de Melloras do Grao 2017-18 de reforzar a Titulación de Filosofía como especialidade transversal), ou incluso (iii) por unha renuncia total e definitiva

aos estudos universitarios e non un simple cambio de titulación na rama de humanidades (tendo en conta os datos de matrícula destas titulacións). Entendemos que as liñas de actuación do Centro terían que ser distintas para cada unha destas causas de abandono.

Con todo, cómpre tamén recordar que, incluso segundo se ten reparado na Conferencia de Decanos (13/02/2019), a alta "taxa de abandono" nas titulacións de Filosofía (media do 30%) é unha constante compartida en todo o sistema universitario español. Este feito pode deberse a múltiples factores, mais debemos ter en conta que o noso alumnado é polo xeral un alumnado heteroxéneo e "tentativo" que nalgúns casos (arredor do 10% - 12% se atendemos a IN10G) matricúlase na nosa titulación sen unha alta nota media como un modo de entrar no sistema universitario e cambiar posteriormente de titulación. Por outra banda, existen tamén alumnos que se matriculan en Filosofía sen ter en conta realmente a alta esixencia dos nosos estudos como corresponde a un Grao universitario.

Fronte a isto, temos que mencionar positivamente o feito de que o 67% - 70% do noso alumnado de novo ingreso ten unha media alta e permanece no Grao durante os catro anos. Non debemos esquecer que o 90% do noso alumnado de novo ingreso escolleu Filosofía de primeira opción e moi maioritariamente este é o groso de estudantes que termina o Grao e que teñen un bo rendemento, especialmente valorable é este aumento da demanda nunhas circunstancias e contexto pouco favorables para os estudos de Filosofía.

Para rematar, convén mencionar que as Accións de Mellora emprendidas durante o curso 2018-19 así como as do curso 2019-20 xa toman en conta -unhas directamente e outras de modo transversal- esta situación descrita e están deseñadas para ir corrixindo estes elementos paulatinamente e na medida do posible, aínda que mellorar o Grao na totalidade dos seus Indicadores así como a calidade da educación en xeral (coa que algúns deles están estreitamente relacionados) dependerá de varios factores, tanto do Centro como da USC e precisan dun certo recorrido, pois debe ser o resultado de varios anos de traballo, como de feito o está sendo se observamos a leve pero constante tendencia á alza das dúas taxas que vimos referindo ("taxa de rendemento" e "taxa de abandono"). Neste sentido, entendemos e desexamos que as Accións de Mellora descritas ao longo deste Informe de seguimento resulten efectivas nesta liña de traballo: especialmente a **AM3 do Plan de Melloras 2018-19** creada co obxectivo de implantar o Programa de Prácticas Externas ofrecendo algo máis ao Plan de Estudos que aumente o interese do alumnado (polo menos do seu perfil profesionalizante) e mellore a taxa de rendemento; a **AM4 do Plan de Melloras 2019-20** -xa referida- que promove unha maior ponderación do informe do titor no proceso de avaliación dos TFG por tratarse dunha "materia" na que o alumnado acostuma a empregar mais tempo do asignado nos créditos do Plan de Estudos e facilitar así o seu rendemento (tal e como podemos inferir das suxestións do propio alumnado nas enquisas do Centro acerca do TFG); e sobre todo resultará valiosa a **AM5 do Plan de Melloras 2019-20** que propón un reforzo da "acción titorial" que precisamente irá destinada a estudar as principais causas de abandono e rendemento do noso alumnado a través dos nosos estudantes titorizados. En definitiva, o conxunto de accións do Plan de Mellora, grazas ás accións xa realizadas así como ás planificadas, supón un xeito de toma de información que nos axude a guiar aspectos como o contido, metodoloxías, adquisición de habilidades, melloras no rendemento, precisións no currículo ou mesmo consideracións sobre a evolución da tendencia dos principais indicadores do Grao, que na súa maioría manifestan unha tendencia plana sobre niveis notables:


	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Taxa de rendemento (%)	63,44	68,6	66,94	64,86	69,22	65,55	67,76
Taxa de éxito (%)	81,94	85,81	87,99	84,6	86,62	84,39	87,99
Taxa de avaliación (%)	77,43	79,94	76,08	76,66	79,92	77,67	77,01
Duración media dos estudos	4,00	4,33	4,69	4,89	4,53	5,61	5,18
Taxa de eficiencia (%)	-	-	-	85,00	93,12	80,22	88,33

Se ben vimos manifestando que esas dúas taxas -taxa de rendemento e taxa de abandono historicamente baixas- son susceptibles dunha razoable mellora, resulta igualmente evidente que o resto do "Informe de Indicadores" é positivo ou mesmo moi positivo. Así por exemplo, a taxa de avaliación, a taxa de éxito, a satisfacción dos grupos de interese do Centro presentan datos moi aceptables, así como tamén a ilustrativa "taxa de eficiencia" (**IN53G**, que amosa a relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que regresou e o número total de créditos nos que se matriculou) que no curso 2018-19 é positivamente alta 88,33% e sube de feito

verbo do curso anterior (80,22%), manifestando unha tendencia plana en bos niveis notables que se cumpre na maioría de Indicadores da Titulación.

Taxa de eficiencia (IN53G):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total (%)	85,00	93,12	80,22	88,33




Ademais desta "taxa de eficiencia", coidamos que hai outras dúas referencias moi ilustrativas do axeitado funcionamento do título: (i) a "taxa de éxito" que da conta da relación porcentual entre o número de créditos superados en relación aos créditos aos que se presentaron e (ii) o grao de satisfacción dos principais grupos de interese do Centro:

- (i) A "Taxa de éxito" (IN35CG) volve ser considerablemente alta consolidando unha tendencia ascendente desde o curso 2011-12, que sube significativamente do 80%, situándose en 87,99% no ano 2018-19 (99,5% no Máster IN35CM), chegando a ser a máis alta dos últimos anos e manifestando por tanto que cando o estudantado se presenta ás materias pode superalas maioritariamente. Ademais, os datos están desagregados por curso, relevándose que a taxa de éxito dos cursos superiores é máis alta que a do primeiro curso, no que cómpre tender a unha razoable mellora.

Taxa de éxito (IN35CG):


	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
1º curso	80,09	77,71	74,34	79,35	77,87	84,05
2º curso	82,05	92,08	86,82	86,53	88,80	89,40
3º curso	90,15	89,11	91,20	93,63	87,64	91,44
4º curso	95,85	96,10	92,31	93,59	91,88	89,89
Sen asignación a curso	100,00	100,00	100,00	92,41	100,00	100,00
Total (%)	85,81	87,99	84,60	86,62	84,39	87,99
Media Área de Artes e Humanidades	84,38	83,80	84,82	86,34	86,03	87,29
Media USC	86,04	85,70	86,20	87,35	87,21	87,78



(ii) Os indicadores de satisfacción dos principais grupos de interese do Centro (PDI, PAS, Estudantes e Egresados) son razoablemente altos e manifestan ao noso parecer uns bos resultados canto do funcionamento do plan de estudos, do Grao e do Centro.

A) En relación ao "Grao de satisfacción do noso *alumnado*". A positiva evolución da satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46G) manifesta unha constante tendencia á alza:

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total	3,64	3,45	3,61	3,73	3,71	3,73



Entendemos que o cumprimento dos parámetros comprometidos a través das Guías Docentes das materias, contribuíu directamente na xeral "Satisfacción do alumnado coa docencia recibida" (IN46G) que neste curso 2018-19 é de 3,73 (1-5), o que resulta un dato que estimamos positivo na medida en que vai crecendo constantemente dende o

curso 2012-13 no que o indicador se situaba en 3,47 (1-5), un crecemento moi vinculado ao ascenso da "Taxa de éxito" (IN35G) que neste curso 2018-19 é de 87,99%. En liña con estes factores positivos, cómpre tamén reivindicar o esforzo posto polo Centro no desenvolvemento do Plan Académico que evidencia a "taxa de eficiencia en termos de rendemento dos/das egresados/as" (IN53G) no 88%. Como pode comprobarse os resultados altos mantéñense ao longo do tempo e son indicativos dunha media razoablemente boa en relación co resto de titulacións da USC.


Tamén o "grao de satisfacción coa formación teórica" é moi alto e aumentou significativamente ao longo do tempo. Segundo os últimos informes, o grao de satisfacción coa formación práctica da titulación nos últimos anos non era tan bo. Sendo este un aspecto no que quixemos mellorar, o Centro implantou (curso 2018-19) no Plan de Estudos o Módulo de "prácticas académicas externas" por primeira vez na historia da nosa Facultade. Esta acción de mellora (AM-03 Plan de Melloras do Grao 2018-19) corresponde á unha convocatoria de oferta de prácticas externas (6 créditos) destinada ao noso alumnado de terceiro e cuarto curso, mediante convenios con distintas empresas e Institucións socio-culturais (o Consello da Cultura Galega, a Fundación Eugenio Granell, a Fundación Penzol, o Valedor do Pobo Galego e o Parlamento de Galicia a través do BNG). Valoramos moi positivamente que o "grao de satisfacción dos/das alumnos/as coas prácticas" (IN19G) foi alto situándose no 4,11. Igualmente, o "grao de satisfacción dos titores profesionais" (IN20G) foi moi alto (4,83) e tamén o "grao de satisfacción dos titores académicos" (IN21G) foi de 4,88, conforme as enquisas de satisfacción que o propio Centro deseñou como mecanismo de recoñecemento desta iniciativa de prácticas. Podemos entón considerar esta experiencia como un éxito da nosa oferta de estudos e valorar moi positivamente o rendemento do noso alumnado nas prácticas externas ofertadas. Evidentemente, cómpre continuar con esta actividade e, na medida en que as circunstancias do COVID o permitan, aumentar tanto o número de Institucións colaboradoras como o número de prazas ofertadas na convocatoria.

B) En relación o "grao de satisfacción do PDI" (IN47G):

Os índices de satisfacción do noso profesorado en relación coa docencia impartida (IN47G) é moi alto (4,30), de feito o máis alto dos últimos anos, tamén en tendencia á alza. Igualmente manifestan un grao de satisfacción alto o PDI que actúa como titores académicos das Prácticas Externas (IN21G) que é de 4,88.

Satisfacción do PDI coa docencia impartida (IN47G):

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total	4,09	3,69	3,96	3,74	4,00	4,30




C) En relación ao "grao de satisfacción dos egresados"

O "grao de satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible" (IN23G) é dun aceptable 3,11 crecendo dende o curso anterior e na media do último sexenio. Resulta tamén positiva a "satisfacción xeral dos egresados coa titulación" (IN42G) que no 2018-19 se sitúa no 3,27 e tamén crece desde o 2,97 do curso 2017-18. Finalmente, a "taxa

de éxito dos egresados" (IN50G) tamén manifesta bos resultados de 88,47% que crece desde o 80% do curso 2017-18. O conxunto destes datos nos permiten considerar un bo funcionamento do Grao nestes capítulos.

Grao de satisfacción dos egresados coa titulación (IN42G):

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total	2,94	2,83	3,00	5,00	3,53	3,27



Pódense ver os detalles desta evolución positiva na seguinte táboa comparativa dos grupos de interese:

Código	Nome	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
IN42G-S01-PM-01	Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación	0,00	3,00	2,39	3,31	4,55	2,94	3,27
IN46G-S01-PM-01	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	3,47	3,64	3,45	3,61	3,73	3,71	3,73
IN47G-S01-PM-01	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	-	4,09	3,69	3,96	3,74	4,00	4,30

En conclusión, en relación á análise das taxas referidas, podemos entender que os resultados de aprendizaxe académica cumpren en xeral cos obxectivos fixados. Cómpre salientar o esforzo realizado polo Centro na necesidade de potenciar a formación práctica (implementando no Plan de estudos o módulo de "Prácticas externas") e a conexión dos estudos do Grao de Filosofía cos problemas máis prácticos e retos de actualidade da nosa sociedade a través de actividades de coordinación horizontal entre diversas materias. Ademais, en liña cos datos positivos da inmensa maioría de referencias do "Informe de Indicadores" emitido pola Area de Calidade podemos constatar un axeitado funcionamento das Titulacións, sen apreciar desviacións alarmantes e constatando tendencias estables en valores que podemos cualificar de notables e que polo xeral resultan equiparables ás medias da USC.

(D) Información pública.

Á vista dos Autoinformes de Grao e de Máster 2018-19, podemos constatar que a Facultade dispón dos mecanismos suficientes para comunicar de xeito adecuado as características das Titulacións para todos os grupos de interese. De feito, conséntase que mantemos unha tarefa periódica de publicación e actualización da información relativa

ao noso Centro, aos títulos que o integran, e tamén aos procesos e normativas que os regulan. Feita unha comparativa con outras páxinas web das Facultades de Filosofía doutras Universidades de España, observamos un altísimo índice de coincidencia na información entre todas elas, polo que concluímos que a información pública que nós proporcionamos é, cando menos, equivalente á doutras Facultades e que resulta suficiente e relevante para os nosos grupos de interese.

De igual xeito, tras repasar o contido da MVT de Grao e de Máster encontramos un forte nivel de coherencia entre a información alí consignada e a información que nós temos publicada na Web tanto do Centro como na web propia do Máster, considerando en consecuencia como un valor positivo a súa obxectividade. Por último, conséntase o feito de que todo ese volume de información está inxerido de forma moi intuitiva dentro do deseño da páxina web do Centro e da web do Máster, o cal reporta unha gran facilidade de accesos directos e moi intuitivos para os nosos actuais e potenciais grupos de interese.

Ademais, observando a evolución das páxinas web do Grao e do Máster, constatamos o esforzo do Centro por revisar, manter e ampliar a información publicada, moi especialmente no que afecta á etiqueta de "Calidade" onde pode apreciarse a "revisión e actualización da información publicada e inclusión de novos contidos referidos ao proceso de xestión do título e á aplicación do SGIC" como un dos puntos fortes do noso Centro, conforme co sinalado pola ACSUG no Informe de Renovación da Acreditación. Mais, os esforzos do Centro no referido á "información pública" non só se deron no relativo á información específica do caixón de "Calidade", senón que tamén se produciron na difusión doutros aspectos importantes das Titulacións, como foron a ampliación da redacción da "Presentación" e das "saídas profesionais" na web propia do Grao de Filosofía ou a publicación do CV do profesorado tanto de Grao como de Máster (incluíndo ademais no 2018-19 o profesorado de áreas externas ao Centro pero con docencia no Máster). Tamén, neste sentido, de mellorar a "información" acerca do título executamos a **AM1 Plan de Melloras Grao de Filosofía 2018-19** (que tivo a súa orixe no "Plan de Viabilidade" e na AM1. 2017-18) centrada en difundir a través da páxina web contidos relativos á condición, tanto formativa como profesionalizante, da Filosofía. No curso 2019-20 a AM1. PM 2019-20 tamén está dirixida ao incremento da visibilidade social da titulación de Grao en Filosofía a través do incremento de organización no Centro e fóra do Centro de actividades culturais transversais. Tamén está a ser importante o esforzo do Centro na AM6 PM 2019-20 pola que incrementa a edición de material informativo do título (dípticos e material audiovisual) así como a participación nas Xornadas de presentación de titulacións organizadas pola USC a través do programa A Ponte.


Tamén proxectamos unha mellora na comunicación externa e interna que afecta ao Centro, promovendo no curso **AM04 2018-19** (e por tanto reafirmando o noso compromiso con este capítulo de "Información pública") a realización e difusión de "Acontece", un "Boletín Informativo" que recolle as novidades do Centro e que editamos na páxina web aberto a disposición de todo o público en xeral e dos potenciais grupos de interese.

No caso do Máster non foron menores os esforzos e iniciativas adoptadas canto a "Información": a AM3. PM 2018-19 logrou unha mellora no posicionamento web da páxina propia do Máster en Google á vez que actualizaba a súa información académica e participaba directamente na presentación do Título de Máster nos Encontros virtuais de Titulacións de Máster organizados pola USC. No curso 2019-20 a AM3 do PM do Máster está directamente adicada á difusión do mesmo aumentando a mellora do posicionamento web e incorporando máis datos no apartado do profesorado externo.

Así, podemos constatar o esforzo do Centro na "política de comunicación" fundamentalmente canalizada no reforzo do "plan de comunicación" mellorando, como xa explicamos, a transparencia da documentación publicada na web, así como a incorporación á mesma de información sobre a presentación e saídas profesionais do noso Grao. A **AM1 Plan de Melloras de Grao de Filosofía 2018-19** procedeu á incorporación de novo material informativo sobre o carácter interdisciplinar da Filosofía e as súas "saídas profesionais" e que promoveu a elaboración e edición de material informativo-divulgativo sobre as Titulacións do Centro.

Consideramos un bo indicador do axeitado funcionamento do Centro neste capítulo a "satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible" (**IN23G**) que é dun razoable 3,11 (sobre 5 puntos) e que sube dende o 3,03 do curso 2017-18. O mantemento da estrutura fundamental da web así como dos seus contidos principais traduce o mantemento da devandita puntuación, consolidándose na media do último sexenio (3,2 puntos). Este dato está en lóxica consonancia co "Grao de satisfacción dos egresados coa Titulación" que no curso 2018-19 crece ata 3,27 puntos dende o 2,94 do 2017-18 mantendo unha lixeira tendencia á alza durante o último sexenio.

Grao de satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible" (IN23G):



Entendendo como un valor positivo esta cualificación obtida non se procedeu a realizar modificacións substanciais sobre a estrutura de comunicación, aínda que si se incorporaron periodicamente actualizacións dos seus contidos e ademais dalgunhas melloras:

(i) o apartado de "Reservas de espazos" agora permite unha visualización máis inmediata dos espazos libres do Centro e axiliza o seu sistema de reserva;

(ii) procedeuse, lóxicamente, á correspondente actualización de información (nas diferentes etiquetas da web) que implica o desenvolvemento dun novo curso académico como por exemplo todo o referido a publicación das novas Guías Docentes, Programas, cambios de liñas, calendarios e tribunais do TFG, a incorporación dos novos "horarios simplificados" ou a incorporación das actas xeradas das últimas Comisións celebradas, entre outras moitas lóxicas e debidas actualizacións;

(iii) procedeuse, no curso 2018-19, á apertura dunha nova "etiqueta" chamada "Boletín Informativo" deseñada para ir incorporando á web os sucesivos números que se veñen publicando do "Acontece en Filosofía. Boletín informativo da Facultade de Filosofía". Esta iniciativa enmárcase na **AM-04 Plan de Melloras da Facultade de Filosofía 2018-19** que responde ao propósito de reforzar a "comunicación interna acerca das actividades do Centro". Procedeuse a creación dun Boletín informativo, chamado "Acontece en Filosofía" no que se da conta das novidades que afectan ao Centro, as súas titulacións e os seus grupos de interese. En xaneiro saíu o primeiro número e recomendamos dar un seguimento periódico a esta Acción na que ademais está implicado directamente o alumnado do Centro, a través da súa pertenza ao Comité de Redacción que se vai renovando periodicamente. Esta Acción xa consolidou a iniciativa no noso Centro que leva xa cinco números publicados atopándose o sexto en preparación.

(iv) procedeuse no **curso 2018-19** a abrir un apartado específico para toda a información e procedemento relativo a implantación e desenvolvemento das "Prácticas Académicas Externas".

(v) procedeuse no **curso 2018-19** a ampliar o espazo de publicidade dos CV do PDI, incorporando aos docentes que faltaban, renunciando polo momento, obrigados pola carencia de orzamento suficiente, á elaboración de webs propias do PDI (**AM8 PM. 2018-19**), dado o alto custo de mantemento que ten presupostado a empresa xestora da páxina.

(vi) detectouse no curso 2018-19 a necesidade de abrir (como se fixo no 2019-20) un apartado específico para a información relativa ao Protocolo de prelación de exames (AM3 PM 2019-20) a disposición de todos os alumnos/as potencialmente afectados.

(vii) detectouse, (de acordo co prantexamento da **AM-03 Plan de Melloras da Facultade de Filosofía 2018-19**), a necesidade de adquirir para o Centro un *plotter* coa imaxe institucional da USC para a celebración dos actos que así o requiran.

(viii) procedeuse a unha redución "dos prazos de "limpeza" do material informativo desfasado da pantalla de

comunicación do Centro, e ábrese a reflexión sobre considerar a posibilidade de instalar outra pantalla noutro andar do edificio para ir substituíndo as funcións do taboleiro.

(ix) En liña co desenvolvemento da AM1 Plan de Melloras de Grao de Filosofía 2017-18, procedeuse á incorporación de material informativo sobre o carácter interdisciplinar da Filosofía e as súas "saídas profesionais", completouse coa **AM-01 do Plan de Melloras de Grao de Filosofía 2018-19** que implicou a elaboración de material informativo e de carácter divulgativo sobre as diversas áreas de coñecemento da Filosofía, destinado ao noso potencial alumnado, completada coa AM6 do Plan de Melloras do Centro 2019-20 consistente en incorporar tamén novos materiais informativos ao Programa A Ponte.

En conclusión, no que se refire á publicación da información, o Centro desenvólvese axeitadamente xa que consideramos que o Centro promoveu e realizou unha contribución directa á mellora da comunicación da información das nosas Titulacións, axustándose aos diferentes grupos de interese.

En relación á visibilidade do noso Centro, promovéronse durante o curso 2018-19 numerosas iniciativas en prol da Filosofía de Xénero e doutras cuestións filosóficas de forte calado social e de actualidade. Neste sentido, buscando un xeito de facilitar a visibilidade da relación das nosas accións coa demanda social, o Centro propuxo a **AM-05 Plan de Melloras da Facultade de Filosofía 2018-19** na que se pretende reforzar a comunicación externa do Centro coa sociedade, trasladando ao gabinete de Comunicación da USC o correo dos/as Coordinadores/as de Área como grupo de especialistas en temas filosóficos que sirva de referencia, de persoa á que dirixise e/ou de interlocución verbo das demandas de información que os medios de comunicación poidan ter acerca de valoracións filosóficas sobre temas de actualidade. (Por último, cómpre subliñar que en aras dunha mellora de "información e transparencia" estamos a executar, a proposta do Coordinador de Grao, a AM5 PM 2019-20 que supón un reforzo do programa de Titorías Personalizadas co propósito de mellorar a comunicación co noso alumnado dende o momento mesmo do seu ingreso no Centro, o cal implicou reforzar a información facilitada no Acto de Presentación de Curso).

No que refire á transparencia do Centro, cabe subliñar que todos os procesos que garanten a calidade do título, especialmente Concursos, Reclamacións e Informes derivados do Sistema Interno de Garantía de Calidade (SIGC), e mesmo as actas de coordinación e de calidade, son obxecto de publicación nos respectivos apartados da web do noso Centro, na procura de cumprir cos maiores índices de visibilidade. Así, a valoración recibida por parte dos egresados cos servizos e coa información pública foi de 3,53 e 3,11 respectivamente, sendo máis altos os índices rexistrados no Máster. Tendo en conta todo o referido, consideramos que ten sentido actuar na continuidade (curso 2019-20) e mellora da nosa "política de comunicación" (tendo presente a valoración positiva que o Centro ven mantendo neste indicador cumprindo unha media nos últimos cinco anos de 3,49 puntos, **IN23G**).

Por todo isto, na Avaliación para a Renovación da Acreditación do Grao de Filosofía a información pública dispoñible foi considerada como "un dos puntos fortes do Centro".

(E) Conclusión

Conforme a tendencia interanual á alza da maior parte dos principais indicadores das Titulacións e tendo en conta todo o que vimos de expoñer nesta "Memoria de Calidade 2018-19", podemos considerar que o Sistema de Garantía de Calidade resulta eficaz na diagnose do progreso e mellora da Titulación. Constatamos que ao estar adecuadamente implementado no Centro, proporciona os mecanismos necesarios e adecuados de recollida e análise de información, o que nos permitiu detectar debilidades e poder propoñer as correspondentes Accións de Mellora. De feito, cómpre destacar que, no "Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación", a "progresiva mellora na implantación do Sistema de Garantía de Calidade que facilita o seguimento do Título" foi considerado como "un dos principais puntos fortes do centro", valorando moi positivamente un procedemento que é habitual no Centro: "a transparencia da propia comisión, evidenciada na publicación na web das actas das reunións de dita comisión". Entendemos que o SGIC facilita a implantación, difusión e aplicación "dunha progresiva cultura de calidade" no Centro, a cal fica recollida tanto nos Autoinformes das Titulacións como no Plan de Melloras.

Neste sentido, ratificamos que o SGIC funciona mesmo en relación aos seus propios procedementos, como a xestión da súa propia "Información e transparencia". De feito, na páxina web da Facultade de Filosofía figuran todos os

accesos directos aos contidos do Sistema de Garantía de Calidade: Manuais do SGIC, Memorias dos títulos, Informes de Seguimento dos Títulos e de Centro, Plans de Mellora, Memorias de Calidade, composición e actas de Comisións, etc.) garantindo, deste xeito, que todos os grupos de interese da Titulación teñan acceso a esta información, que goza de gran transparencia. Sinalabamos no " Autoinformes de seguimento 2018-19" que o Centro (desde 2016) traballou na implantación, difusión e aplicación "dunha progresiva cultura de calidade" e destacamos que esta continúa aplicándose desde o curso 2018/19 ata a actualidade. Neste sentido, durante este último trienio, o Centro implantou tres medidas estruturais orientadas a axilizar e reforzar a aplicación do SGIC:

- (i) a atribución desa dedicación ao Vicedecanato da Facultade, que as ven desenvolvendo dende o curso 2015-16. No curso 2019-20 (conforme a AM5. PM Centro 2019-20), co ánimo de potenciar esta área de acción e conscientes da importancia estratéxica que ten para o Centro a área de calidade, abrimos a posibilidade de nomeamento dun Coordinador de Calidade que, entre outras funcións de apoio ao responsable de Calidade do centro, asista ao Vicedecanato na próxima certificación do Centro e no próximo desenvolvemento do novo Manual de SGIC (Manual del Sistema de Garantía de Calidade, punto 3.7).
- (ii) a unificación das Comisións de Grao e Calidade, buscando unha liña de acción máis coordinada e unificada entre todos os grupos de interese representados, que polo demais queda garantida na plural composición da propia Comisión resultante (Decano, Vicedecano como Responsable de Calidade, Coordinador de Grao, Coordinador de Máster, Director de Departamento, representante de PAS e tres representantes de alumnos/as).
- (iii) o nomeamento do Coordinador de Grao, que ven desenvolvendo unha gran tarefa de análise, especialmente na "dimensión de resultados" tanto de aprendizaxe como de satisfacción dos diversos grupos de interese da titulación.

Estas son probablemente as tres medidas estruturais máis específicas como xeradoras de melloras que dende o curso 2016-17 veñen sentando procedementos habituais no funcionamento do Centro ata o presente curso.

A súa vez, esta estrutura de xestión do SGIC constituíu unha mellora do proceso de Planificación que nos permitiu vertebrar o desenvolvemento de accións concretas en espazos estratéxicos para o Centro. Así, de acordo coas recomendacións recibidas pola Área de Calidade da USC e dos propios Informes de seguimento, incorporáronse melloras nos distintos procesos de control das nosas Titulacións e que agrupamos en catro amplos eixos de acción, que pasamos a resumir:

1.- A planificación das ensinanzas:

A coordinación de distintas tarefas de ensinanza, tanto académicas como de xestión, pasan a ser integradas na "Planificación das ensinanzas" que se viu favorecida coas seguintes accións:

- (i) a unificación dos dous Departamentos que tiña o Centro e dos que dependía a docencia de Grao.
- (ii) a incorporación do Director de Departamento á Comisión de Calidade.
- (iii) a homoxeneización e maior precisión das Guías Docentes (especialmente no apartado da avaliación de competencias).
- (iv) a implementación no Plan de estudos das "Prácticas Académicas Externas" (PAE) **AM-03 Plan de Melloras do Grao en Filosofía 2018-19** como un xeito de abrir novos espazos profesionais para os nosos titulados (atendendo á recomendación do Informe de Renovación da Acreditación), que foron segundo as medicións do SGC obxecto de boas referencias de satisfacción dos diferentes grupos implicados nas PAE son positivas ou moi positivas: a "satisfacción dos estudantes coas prácticas externas" (IN19G) que é de 4,1 (sobre 5 puntos); a "satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas" (IN20G) é de 4,8 puntos, que coincide co 4,8 da "satisfacción dos titores académicos das prácticas externas" (IN21G).
- (v) abriuse a posibilidade de reflexionar sobre a dotación de maior peso na avaliación do TFG e TFM ao informe do titor (AM4. PM Grao 2019-20), atendendo así á demanda realizada polo noso alumnado a través das enquisas de satisfacción co TFG que o propio Centro realizou como mecanismo que permitan coñecer a satisfacción dos grupos de interese da titulación.

- (vi) aprobación dun protocolo polo que se determinan os criterios de prelación de exames para aquel alumnado que ten datas coincidentes de avaliación entre dúas materias, -tratouse dunha iniciativa implantada no 2018-19 e consolidada na AM3 PM Grao 2019-20-, atendendo a demanda realizada polo noso alumnado a través das reunións de Coordinación (especialmente naquelas que afectan á realización dos horarios das materias e das probas).

2.- Docencia:

O desenvolvemento da calidade e atención docente viuse mellorada, entre outras cousas pola:

- (i) A aplicación do "Programa de acollida" que dinamizou a acción tutorial nas diversas formas contempladas no mesmo (e xa descritas nos Autoinformes de seguemento). Atendendo a recomendación feita polo Coordinador de Grao, procedeuse a reforzar un elemento clave do SGIC como é o "Protocolo de Coordinación e Acción tutorial". Neste caso, tratouse de reforzar o programa de Tutorías Personalizadas de xeito que se enviou un correo a cada alumno/a de novo ingreso comunicándolle o seu titor e informándolle das súas funcións, xunto cunha cita-entrevista que se foron realizando ao longo do curso, co propósito de facilitar a comunicación co noso alumnado dende o principio da súa formación (AM5. PM Grao 2019-20).
- (ii) O "Programa de Coordinación", no que respecta á Docencia, implicou a realización de reunións periódicas dos Coordinadores das Titulacións e dos Coordinadores de Curso co alumnado e co PDI da titulación. Froito das mesmas nótrese o Plan de Melloras anual. Como exemplo, mencionamos que no curso 2018/19, conforme a unha suxestión do alumnado na reunión de coordinación, lévase a cabo unha acción de mellora: a **AM1 do Plan de Melloras do Máster 2018-19** que tiña por obxecto implantar mecanismos de "coordinación horizontal" entre diversas materias para favorecer a dimensión interdisciplinar do título e á vez rebaxar o excesivo encargo de traballo académico referido polo alumnado nesas reunións. Cabe subliñar o compromiso do Centro con esta medida, así como o recoñecemento que nos fai a ACSUG neste sentido, xa que no seu "Informe provisional de seguimento 2017/18" convidásenos a "continuar" coa "coordinación de actividades comúns entre docentes de diversas materias e a organización e incorporación de lecturas e traballos transversais para o alumnado". Nesta liña, propoñemos especificamente a **AM1 do Plan de Melloras do Máster 2019/20** que pasa por incrementar a tres materias as experiencias previas. Tamén a **AM2 do Plan de Melloras do Máster 2019/20** que busca ofrecer maior transversalidade e "coordinación horizontal" ao estudantado a través da articulación de catro Conferencias sobre temas de actualidade pronunciadas por profesorado externo. (**AM2 Plan de Melloras do Máster 2018-19**) así como o reforzo e incremento das actividades culturais extracurriculares organizadas ou co-organizadas polo Centro como un xeito de incrementar a visibilidade e transversalidade do noso Grao (**AM7 Plan de Melloras do Grao 2018-19**) e (**AM1. PM Grao 2019-20**). O reforzo da Coordinación por cursos achegou repercusións positivas sobre a calidade docente, o crecemento da satisfacción do alumnado coa docencia recibida (3,7 no Grao e 4,3 no Máster) o crecemento da "taxa de éxito" (87,9 no Grao e 99,5 no Máster) e o aumento de matrícula (plena no caso do Grao e de 68% no Máster que crece desde un 52%), conseguido como froito da boa aplicación dos procesos de calidade a conseqüente suspensión do Plan de Viabilidade por parte da Xunta de Galicia.

3.- Apoio á actividade docente:

No que respecta aos órganos de apoio á actividade docente, logrouse a incorporación con carácter estable da figura de Responsable de Unidade de Centro, o que reportou unha:


- (i) Mellora na "publicidade" da documentación e información relativa ás Titulacións do Centro, procedendo á incorporación de boa parte da documentación relativa aos procesos do SGIC á páxina web.
- (ii) Mellora na nosa información pública a través da actualización da páxina web propia do Centro e da web propia do Máster, promovendo un incremento na "difusión" das nosas Titulacións ben incrementando a información depositada nas páxinas web, ben editando novos materiais informativos (dípticos, libretos, vídeos) ou ben incrementando a presenza na web do programa A Ponte a través das súas actividades de presentación de titulacións (**AM1 do Plan de Melloras do Grao 2018-19** e **AM3 do Plan de Melloras do Máster 2018-19**). Neste sentido, podemos sinalar por exemplo a razoable "satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible" que é de 3,11 puntos sobre 5 (**IN23G**).
- (iii) Redución da tendencia dunha "excesiva concentración do gasto das partidas do Centro no tramo final do exercicio" (**AM-06 Plan de Melloras do Centro 2018-19**) exercendo unha planificación do orzamento da

Facultade conforme a un programa de gasto máis sostido en cada semestre e que permitiu, entre outras cousas, incorporar un novo concepto orzamentario destinado a prestar apoio ao PDI nas organizacións de Congresos e Reunións científicas (**AM-07. Plan de Melloras do Centro 2018-19**) no que puidemos atender as solicitudes recibidas e que reportou unha maior visibilidade do noso Grao e un incremento de actividades extracurriculares para ao noso alumnado, tanto de Grao como de Máster. Con todo, aínda que fixemos unha planificación semestral do orzamento que resultou moi operativa para atender tanto a actuacións en infraestruturas dos espazos colectivos, como ao mantemento e adquisición de material informático e tecnolóxico así como tamén as dotacións para a realización das Accións de mellora, optamos por comprometerla pero executala principalmente no segundo semestre coa prudente finalidade de dispoñer de reservas para atender a necesidades imprevistas de carácter urxente ou minoracións como a sufrida no curso 2019-20 por mor do custo das medidas de adaptación das actividades académicas e de xestión despois do COVID.

4.- Medición, análise e mellora:

En canto ao proceso de medición, análise e mellora reflexados nos "Autoinformes de seguemento 2018-19" e nesta "Memoria de Calidade 2018-19", apuntábase o positivo crecemento da ampla maioría dos principais Indicadores de calidade das dúas Titulacións. Non entanto, tamén se alude á necesidade de mellorar algúns procedementos que, segundo a Área de Calidade, con carácter xeral afectan a todos os títulos da USC, non imputables unicamente ao noso Grao e Máster: (i) unha baixa porcentaxe de participación dos estudantes nas enquisas de avaliación docente polo que recomendaban deseñar unha acción de mellora que busque aumentalo; (ii) unha baixa participación nas enquisas de satisfacción dos PAS e PDI; (iii) a inexistencia de mecanismos que permitisen coñecer a satisfacción dos estudantes respecto aos servizos de orientación, de avaliación e de coordinación xeral. Aínda que, como xa dixemos, estes elementos non poden ser directa nin exclusivamente imputables ao Centro, entendemos e compartimos que se trata de aspectos útiles na implantación e aplicación "dunha progresiva cultura de calidade" no Centro. En consecuencia, activáronse unha serie de medidas directamente relacionadas con eses aspectos sinalados pola Área de Calidade, que entendemos están contribuíndo a melloralos e que de feito xa están marcando unha tendencia á alza: no que respecta a (i) e (ii) -mellorar esa baixa porcentaxe de participación nas enquisas- sen prexuízo daquelas Accións executadas pola Área de Calidade da USC, o Centro reforzou a comunicación sobre as mesmas de xeito que desde a Secretaría do Centro (curso 2017-18 e curso **2018-19**) envíanse correos electrónicos como recordatorio, advertindo aos distintos grupos de interese (estudantes, PDI, egresados e PAS) da apertura e peche dos prazos para cumprimentalas, á vez que se resalta a importancia da súa participación. Ademais, dentro das tarefas dos Coordinadores de curso está que lle insista ao seu alumnado na necesidade de cumprimentar as enquisas. Dende o Centro consideramos que estas iniciativas, aínda que sinxelas, axudaron a mellorar estes aspectos, aínda que de forma variable xa que no curso 2017-18 acadamos unha taxa de resposta de 43,65% e no curso **2018-19** con idénticos procedementos a taxa baixou a 36,89% (aínda que lixeiramente superior ao 33% e 31% rexistrados no curso 2015-16 e 2014-15 respectivamente senso a media do último sexenio 36%). Certamente, é unha taxa mellorable, mais resulta evidente que esta taxa de participación do alumnado nas enquisas debe de entenderse en liña coa "taxa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida" (**IN46G**) que entendemos resulta razoablemente positiva tanto de xeito cuantitativo xa que é de 3,73 (sobre 5 puntos) no curso **2018-19** como a un nivel estatístico xa que presenta unha gran estabilidade neses valores durante o último sexenio (media de 3,60), do que inferimos que a actividade docente resulta satisfactoria de forma estable.

Taxa de resposta do alumnado (**IN48G**):



No caso do PDI e do PAS o crecemento no **2018-19** é moito máis alto, chegando ao 52% no sector do PDI e acadando o 100% no sector do PAS, polo que o crecemento resulta positivo. No curso 2019-20 continuamos coas mesmas medidas a espera de obter máis datos que permitan ver se a tendencia se consolida finalmente á alza

No que respecta a (iii) -mecanismos que permitan coñecer a satisfacción dos grupos de interese da titulación- o Centro desenvolveu un reforzo da "acción tutorial" xa sinalado co propósito de coñecer directamente o grao de satisfacción do seu estudantado e as principais causas dun posible baixo rendemento ou abandono; o Centro tamén deseñou enquisas propias para coñecer o grao de satisfacción do estudantado co TFG por tratarse dunha materia que concentra un alto índice de duración no tempo. Neste sentido, consideramos que precisamente o SGC funcionou na medida en que neste curso seguimos a contar con datos positivos das enquisas de satisfacción deseñadas pola Área de Calidade dos nosos principais grupos de interese: egresados 3,27 (**IN42G**) e cunha "taxa de éxito" de 88,4% en Grao (**IN50CG**) e de 92,11% en Máster (**IN50CM**); alumnado 3,73 (**IN46G**); PDI 4,30 (**IN47G**); PAS 3,60 (**Inf. 21 2018-19**) e con tendencia á alza en todos os sectores (como pode apreciarse nas seguintes táboas):

Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (**IN42G**):

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total	2,39	3,31	4,55	2,94	3,27

Grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (**IN46G**):

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total	3,45	3,61	3,73	3,71	3,73


Grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (**IN47G**):

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total	3,69	3,96	3,74	4,00	4,30

En conclusión, entendemos que o noso "programa de coordinación" arbitrado no Sistema Interno de Garantía de Calidade funciona correctamente e se constata como procedemento que nos permite non só detectar problemas senón tamén recoller suxestións de mellora, a través das distintas Comisións específicas e mesmo a través das suxestións na web. Probablemente, o axeitado desenvolvemento do SGIC sexa a causa principal da lixeira tendencia á alza do Grao de satisfacción de todos os grupos de interese, cremos que debido á mellora e reforzo da información que se difunde dende o Centro. Con todo, e a pesar de que conforme as evidencias sinaladas o SGC está a funcionar axeitadamente, o Centro está a acometer a AM7 do Plan de Mellora do Centro 2019-20, xa iniciada no curso **2018-19**, que suporá unha nova iniciativa estratéxica para a Facultade a as súas titulacións: a elaboración dun novo Manual do Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC) da Facultade de Filosofía para adaptalo ao modelo marco da USC e a actualización do respectivo Manual de procesos e procedementos do SGIC. Esta Acción foi temporalmente interrompida durante a pandemia do COVID e a súa finalización (consignada na ficha do Plan de Melloras do Centro para decembro 2021 dado o volume de traballo que require) está prevista a súa finalización para esas datas ou con algo de anterioridade e sempre ao longo do próximo curso (aínda que os prazos están suxeitos a unha evolución favorable na superación da COVID e da disposición dun Coordinador de Calidade). En razón de todo o sinalado, constatamos que o desenvolvemento e aplicación do Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC) supón unha ferramenta de gran utilidade e alcance para abrir procedementos de mellora no Centro e á vez para consolidar as boas prácticas de funcionamento e os índices de calidade (tal e como pode deducirse, por exemplo, da ascendente "taxa de éxito" **IN35CG** e **IN35CM** e do crecemento continuado da "taxa de matrícula" nas dúas titulacións:

GRAO. "Taxa de éxito" (IN35CG):

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Grao en Filosofía	85,62	87,99	84,60	86,62	84,39	87,99
Total	85,62	87,99	84,60	86,62	84,39	87,99




MASTER. "Taxa de éxito" (IN35CM):

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Máster Universitario en Filosofía: Coñecemento e Cidadanía	-	-	-	100,00	100,00	99,53

GRAO e MÁTER. Matriculación de novo acceso (IN03C):

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Grao en Filosofía	43,00	43,00	55,00	55,00	73,00	71,00
Máster Universitario en Filosofía: Coñecemento e Cidadanía	-	-	-	7,00	13,00	13,00
Total	58,00	43,00	59,00	62,00	86,00	84,00



3. Plan de Melloras do Centro

Facultade de Filosofía: Plan de Melloras

Rematadas: curso 2018-2019

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-1 (Curso 2018/2019) Facultade de Filosofía.
Orixe	Plan de Mellora 2018/19.
Ámbito de aplicación	Criterio 5: Recursos materiais e servizos.
Análise causa	Feita a revisión do estado dos equipos tecnolóxicos do Centro, identifícanse necesidades informáticas e tecnolóxicas, en dous eixos: a) identificación de novas necesidades informáticas dada a incorporación de novo PDI contratado; b) identificación de danos e obsolescencia de equipos informáticos e tecnolóxicos do Centro, atendendo ás observacións que algúns docentes nos fixeron chegar.
Definición/ descrición proposta	Proposta: Dotación e mellora do equipamento informático e tecnolóxico do centro. Procederáse nunha primeira fase á seguinte dotación tecnolóxica: 1 proxector para a aula 1. 1 proxector para o Seminario 108. 4 monitores de mesa para Sala de Xuntas e Seminarios. 1 PC portátil para uso común por parte dos membros da Facultade (a súa disposición na Conserxería). 2 micrófonos co seu respectivo sistema de son para a Mesa Presidencial do Salón de Actos (que só dispoñía dun micro). 2 teclados para PC. 2 ratos para PC. 6 discos SSD, (1 para a mellora do PC do salón de actos, 4 para a mellora dos PC dos seminarios e 1 para a reparación dun PC que se asigna ao recente Profesor contratado da Área de Filosofía). 1 escáner para a Secretaría Administrativa do decanato. 2 impresoras. Comprarase o mesmo modelo de impresora (que tamén será o mesmo que o mercado polo Departamento) para promover, na medida do posible, o aforro no correspondente material funxible. Poderase atender, segundo dispoñibilidade orzamentaria do Centro, a unha segunda fase de dotación tecnolóxica segundo a identificación de futuras necesidades.
Datas	2018/2019. Primeira fase no primeiro semestre de 2019. Segunda fase no segundo semestre de 2019.
Estado/Eficacia	Executada
Responsables	Decano da Facultade de Filosofía (Marcelino Agís Villaverde).
Comprobación Acción	AM1
Descrición Comprobación	Comprobación: Revisión de ter feitas e instaladas as adquisicións e/ou as reparacións. Seguimento de execución: Executada íntegramente. Foi adquirido e instalado o material referido na descrición da proposta. Tamén se atendeu na segunda fase ao arranxo de 25 cadeiras da Aula 4 que se atopaban avariadas e supoñían un risco para o alumnado usuario das mesmas.
Data Comprobación	Decembro 2019
Incidencias	--

Axustes/Novas Tarefas	--
-----------------------	----

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-2 (Curso 2018/2019) Facultade de Filosofía.
Orixe	Plan de Mellora 2018/19.
Ámbito de aplicación	Criterio 1: Organización e desenvolvemento. Criterio 5: Recursos materiais e servizos.
Análise causa	Necesidade de redistribución dalgúns espazos do Centro, motivados: a) pola adxudicación de espazos atendendo a incorporación do novo PDI, b) pola desocupación de espazos motivada pola xubilación de PDI.
Definición/ descrición proposta	Proposta: Redistribución de espazos e determinación de novas ocupacións e usos para os mesmos. Descrición da proposta: a) Nova adxudicación de espazos atendendo a incorporación do novo PDI, Prof. Carlos Pose Varela → Despacho 204. Prof. Xosé Luís Pastoriza → Despacho 205. Prof. Interino Substitución P3 (Área Filosofía) → Despacho 212. Prof. Asociado (Área Filosofía) → Despacho 214. Prof. Asociado (Área Antropoloxía Social) → Despacho 329. b) Redistribución motivada pola desocupación de espazos dada a xubilación de PDI: Prof. M ^a Xesús Vázquez Lobeiras → Despacho 218. Prof. Martín González → Despacho 215. Revista Ágora → Despacho 313. Profs. Visitantes → Despacho 310
Datas	2018/2019
Estado/Eficacia	Executada.
Responsables	Decano Facultade de Filosofía (Marcelino Agís Villaverde); Secretaria da Facultade de Filosofía (M ^a Luz Pintos Peñaranda).
Comprobación Acción	AM-2
Descrición Comprobación	Comprobación: Conformidade coas novas ocupacións e usos dos espazos. Seguimento de execución: Executada integramente. Os espazos están a ser ocupados e utilizados conforme a descrición da proposta. Tamén atendemos a mellora da infraestrutura dalgúns destes espazos, como se sinala na AM3.
Data Comprobación	Decembro 2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓNS DE MELLORA

Código	AM-3 (Curso 2018/2019) Facultade de Filosofía.
Orixe	Plan de Mellora 2018/19.
Ámbito de aplicación	Criterio 5: Recursos materiais e servizos.
Análise causa	Dado o compromiso do Centro coa sustentabilidade e identificado algún deterioro de diversas infraestruturas e mobiliario do Centro.
